

Entroido en
Santiago de
Compostela



Páxina 5

Cristina Pato
pregoeira da
Festa do Viño
de Amandi



Páxina 11

Arquivada a
denuncia do
PP contra a
alcaldesa do
Porriño



Páxina 19

A.D.Avanza
mellor Club
Base ciclista



Páxina 21

I Gala dos
Medios en
Galego en Fene



Páxina 24



Portugal e Iberoamérica en Xantar

Páxina 22

Entrevista



Miguel Santalices,
Presidente do Parlamento de Galicia

“Hai unha grande
desafeción pola política
e iso non é bo”

Páxina 8



www.centromedicoelcarmen.es



TRAUMATOLOGÍA Y CIRUGÍA ORTOPÉDICA

PRÓTESIS DE CADERA Y RODILLA

7 CIRUJANOS ORTOPÉDICOS | QUIRÓFANOS ADAPTADOS A CIRUGÍA PROTÉSICA



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Homenaxe a Catalunya

No 2006 a cidadanía catalá aprobou plebiscitariamente un novo Estatut. O PP presentou un recurso perante o Tribunal Constitucional, chegando pedir sinaturas, cando só había un 10% de independentistas na Catalunya. En xuño do 2010 o TC decretaba a inconstitucionalidade parcial do Estatut e proclamaba que non existen competencias exclusivas autonómicas no Dereito Constitucional español e que non é posíbel unha evolución da Constitución cara un estado plurinacional.

Dende entón, unha onda cidadá soberanista encheu rúas e prazas e im-

púxose dende a sociedade civil aos partidos políticos. Fitos deste procés foron as Diadas todas entre 2012 e 2017, a consulta cidadá do 9-N do 2014 e o trunfo por maioría absoluta das eleccións do 27-S de 2015 e do último 21-D con cadanseus 47,7% e 47,5 de votos.

Fronte esta realidade e malia que máis do 70% dos cataláns querían decidir plebiscitariamente o seu futuro, Rajoy preparou un choque de trens que entendeu habería de beneficialo para recuperar a enchente de votos perdidos, baseándose nas instancias xurídicas que controlaba directamente:

Fiscalía Xeral do Estado, TC e Salas do Penal da Audiencia Nacional (AN) e do Tribunal Supremo(TS).

Esqueceu que as necesidades de seguranza pública estaban perfectamente cobertas polos Mossos e, deixando inermes moitas vilas e cidades do Estado fronte a ameaza yihadista, ocupou o País catalán con milleiros de policías e gardas civís, que na xornada do referéndum do 1-0 agrediron por orde do Goberno Rajoy milleiros de cidadáns pacíficos, nun espectáculo inédito na Europa democrática dos últimos trinta anos.

Logo Rajoy vulnerou o artigo 155 da Constitución, disolvendo Govern e Parlament, malia que esa Cámara limitárase a declarar de xeito puramente simbólico e non executivo a República

catalá. Medio Govern foi encarcerado preventivamente, nunha aplicación absolutamente anticonstitucional do Dereito Penal do Inimigo.



Aínda nestas circunstancias de desigualdade, o soberanismo seguiu transitar polas canles da non violencia e revalidou unha maioría absoluta coa que ninguén contaba. E moi axiña o unionismo tentou bloquear esta maioría aproveitando o cárcere e exilio de oito deputados.

O soberanismo catalán cometeu erros, algún deles quizais grave. Mais comprenderán que, diante desta enxurrada, un non poida ser equidistante.

Un tribunal de parte

Puigdemont foi elixido deputado do 21-D e, xa que logo, pode legalmente ser candidato a presidir a Generalitat. O presidente do Parlament nomeouno atendendo a que os tres grupos soberanistas xuntan a maioría absoluta (70 sobre 135 deputados) e manifestaron a súa disposición para elixilo.

Os partidos unionistas non asumiron o resultado electoral e apoian ao Goberno Rajoy na súa obsesión por evitar a investidura de Puigdemont. E velaí o despropósito de presentar un recurso de inconstitucionalidade contra os actos da Presidencia do Parlament nomeándoo candidato e convocando para o martes 30 o pleno para o debate de investidura. Buscábase, a medio dunha fraude de

lei, o efecto suspensivo que teñen todos os recursos do Goberno do Estado contra leis e disposicións autonómicas. Mais o Consello de Estado, máximo órgano xurídico-consultivo do Goberno central, ditaminou por unanimidade a improcedencia legal deste recurso. A tese central deste ditame é que non se pode recorrer o que aínda non sucedeu, doutrina establecida polo propio Tribunal Constitucional (TC) cando rexeitou o recurso do Goberno Aznar contra a aprobación polo Parlamento vasco da reforma do Estatuto coñecida como "Plan Ibarretxe".

Os letrados do TC e o maxistrado relator concordaron co Consello de Estado na inadmisibilidade do recurso. Mais razóns políticas e non xurídicas levaron ao Pleno do TC a descoñecer a súa propia doutrina, adiar a decisión sobre



a admisión a trámite e adoptar sen escoitar ao Parlament medidas cautelárisimas que ninguén pediu polas que

se prohíbe o voto delegado dos deputados exiliados e o debate en ausencia física de Puigdemont que poderá comparecer só se lle autoriza para o efecto polo maxistrado instructor do Tribunal Supremo.

O TC adoptou unha decisión parcial e política, no canto de xurídica. A prestixiosa axencia Eurointelligence nos fala do paradoxo de destruír a Constitución para salvala. O profesor Carlos Amoedo (UDC) fala de "decisionismo schmittiano" pondo o foco na aprobación polo TC de medidas propias dun estado de excepción non declarado. E o avogado catalán Andreu Van der Eyden propón con evidente retrans que "quiten xa o Dereito Constitucional dos plans de estudo e así imos todos ao bar".

Concordo co profesor Amoedo. Veñen malos tempos para o Estado de Dereito.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal –Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015





Por: Guillermo Rodríguez

Director

Agora que estamos en Entroido

Foi Santa Teresa de Xesús que dixo aquilo de “Deus tamén anda entre pucheiros”. Nós, hoxe, atrevémonos a parodiar á Santa dicindo que tamén a política, a vida nosa de cada día, anda entre pucheiros.


Convidámoslos a que nos acompañen neste modesto concurso de master chef (ou como se diga) que nos atrevemos poñer en marcha.

Trátase de meter nunha mesma perola unha serie de ingredientes que iremos descubriendo; poñelos ao lume (mellor se é de achas de carballo), remexer ben de cando en cando e esperar que sae de aí.

Eu teño a manía (unha delas) de botar man ás servilletas de papel que nos ofrecen nas cafeterías á hora de tomar un café, e ir anotando “perlas informativas” que vou lendo nos distintos xornais. Digo distintos porque teño “o vicio” de ler varios cada día, dende a extrema dereita ao que poderíamos chamar liberalismo; non hai máis aló. As outras informacións léoas pero na miña casa, noutros medios alternativos que me chegan por correo, previo pago, obviamente.

Así podemos meter no puchero declaracións do director de El País (xornal que pasa por ser do mellor que temos, xa ben), cando di: “se o xornalismo ten que estar sometido ao arbitrio de xuíces que descoñecen o valor supremo da liberdade de prensa non hai futuro para o xornalismo” (Antonio Caño, director de El País). Outra perla de El País é esta “Hay que preservar la autonomía de las redacciones y de los directores; preservar el derecho de los

HERMANNAGER PRODUCCIONES



ciudadanos y evitar que especuladores o aventureros los vulneren”.

Estas dúas afirmacións (ingredientes) parecera que poden darnos unha sabrosa potada, non si?.

Sen embargo, este xornal non nos informa de que a Fiscal Xefe de Barcelona, Ana María Magaldi, freou unha investigación por corrupción contra Xavier García Albiol, líder do PP en Cataluña, por adxudicacións ilegais ao Clube Joventut de baloncesto, onde este político xogou de xove. Aínda que o fiscal instructor solicitara que se pasase o expediente a Anticorrupción, a Sra. Magaldi non o fixo. Admitiu que as axudas (algunhas de máis de 500.000 euros) puideran ser ilegais pero qui-

toulle transcendencia penal e, logo de archivar o caso, xubilouse. Isto ocorría pouco antes das eleccións catalanas do 21D. (Información completa en eldiario.es).

Non sabía nada disto El País coa rede de informantes que ten espallados por todo o Estado? Non lle foi furtada a debida información aos lectores?

Agora metamos na cacerola estes datos que nos ofrecen dende o Poder con todo luxo de detalles: 21,5 millóns de contratos durante o ano 2017. Claro que non se aclara que 19,6 millóns son temporais. E que máis de 2 millóns de “españolitos”, que viñeron ao mundo, recordando a Antonio Machado, non teñen ningunha cobertura; comen nos comedores sociais e dormen onde poden; algúns debaixo das pontes ou nos caixeiros automáticos das cidades. Só en Vigo 1.300 familias acoden aos centros sociais para poder comer quente. Preto dun cento están en lista de espera para recibir comida cada día.

Pero isto non é problema. O problema real deste puto país está en Cataluña, verdade? Iso si que é grave, sobre todo para os empresarios e xogadores de bolsa.

A prensa dános os datos como quen fuma un pito. Nada de quen é culpable; nada de por que esta situación se nos din que estamos crescendo por enriba de países como Alemaña ou Francia. Nadamos na abundancia pero algúns teñen a manía de non querer facer de comer na casa e saen aos comedores sociais. Pura vagancia, non si?

José Mújica, expresidente de Uruguay, declarou “A relixión da propiedade está

por enriba do valor da vida humana”. Isto válenos para engadir que o Sr.

Ortega (empresario emblemático onde os haxa) gaña cada día centos de millóns de euros. Sen embargo esa liberdade de información e de expresión da que nos fala o director de El País non chega para que se nos explique como é posible e a costa de que ou de quen, alguén pode gañar esta escandalosa cantidade?

Pero sigamos botándolle material de cocción á nosa potaxe.

En 2005 vendéronse 1.649.000 de coches; en 2013, en plena recesión, só puidemos mercar 770.000; pero en 2016 voltamos a 1.234.000 mil e subindo. Está claro que somos un País rico; compramos coches coma quen compra paquetes de galletas.

En canto a investimento estranxeiro pasamos dos 125.000 millóns máis que en 2016:ou sexa, un 162% de aumento. Isto si que é país? Como van os xornais democráticos e libres de ataduras poñer reparos a estas cifras de película? Quen se atreve a ter aporofobia?

Ah!! Xa me esquecía de felicitarmonos porque a nosa “princesita” ben de recibir o “Toisón de Ouro”. Hai que ir preparando o terreo, non vaia ser que estes políticos non se dean présa en modificar a famosa Lei Sálica e teñamos algún problema coa familia.

Ben, xa poden retirar o pote da garramalleira. Hai que deixar cousas para outro día. O cemiterio está cheo de golosos que se empacharon e finaron.

Sexamos frugais, comedidos. O ano vén de comezar e queda moito que botar no puchero.

FUCO PRADO





ENTROIDO 2018

Do 10 ao 14 de febreiro
SANTIAGO DE COMPOSTELA


CONCELLO DE
SANTIAGO

Compostela celebrará o Entroido do 10 ao 14 de febreiro

A figura protagonista do Carnaval de Compostela volve ser obra de José Manuel Méndez, que este ano quixo representar un Meco "supersticioso e romántico", ao coincidir o martes de entroido co día 13 e o mércores da queima co día dos namorados. Tal e como sinalou o autor, "o martes é un día especial para aqueles que son supersticiosos; así que o Meco incorpora elementos talismán como o trevo irlandés, a cruz andina ou a man de Fátima". En relación co matiz romántico, José Manuel Méndez sinalou que "a pesar de que o Meco non é un persoeiro romántico, quixen representar o amor que ten polos carcos e polo capitalismo". Ademais conta cunha sorpresa no seu interior que sairá á luz no momento da queima.

A concelleira de Acción Cultural, Branca Novoneyra, foi a encargada de presentar o calendario de actividades coas que Compostela celebrará o Carnaval. O programa do Entroido comezará o sábado día 10 co tradicional desfile do Meco dende a praza de Cervantes ata a do Toural, onde a figura quedará instalada no balcón do Pazo de Bendaña ata o día 14. A comitiva estará animada polas comparsas Os Conformistas de Conxo e A Ruliña do Laraño, e o pregón no Toural correrá a cargo de Carlos Santiago e a banda convidada IGMIG.

Xa no domingo 11, Os Conformistas de Conxo encargaranse de animar a xornada cun pasarrúas que partirá do centro de maiores de Conxo ás 10:30 horas, e que percorrerá diversas rúas do Ensanche e da cidade histórica ao longo de toda a mañá. A partir das 12, a Banda Municipal de Música ofrecerá un concerto na compañía do grupo Píscore.

Pola tarde, celebrarase o Festival Infantil de Disfraces na Sala Capitol, con bailes, xogos e obradoiros. Entregaranse premios para o mellor disfrace individual, a mellor parella e o mellor grupo. A entrada é de balde ata completar aforo.

Desfile dende a avenida de Ferrol

A gran cita do Entroido de Santiago será o desfile do martes de Entroido. A principal novidade deste ano é que o punto de partida muda á avenida de Ferrol por mor das obras que se están executando na estación de ferrocarril. Igualmente, as carrozas,



comparsas e charangas concentraranse a partir das 17:30 horas e percorreren as rúas Romero Donallo, Santiago de Chile, Frei Rosendo Salvado, praza Roxa, República do Salvador, Hórreo e Senra, para rematar na avenida de Xoán Carlos I. A Sala Capitol será o escenario da entrega dos premios ás mellores carrozas, comparsas, grupos, parellas e disfrace individual, así como para as mellores comparsas procedente das parroquias e barrios de Santiago. A festa contará coa actuación de O Sonoro Maxín.

Queima do Meco e outras actividades

As celebracións do Entroido finalizarán no mércores 14 coa queima do Meco. A figura abandonará a praza do Toural nun desfile no que participará a comparsa A Ruliña de Laraño, e ao que poderán sumarse todos aqueles que o desexen, preferiblemente vestidos de rigoroso loito. A praza Roxa volverá ser o escenario da queima do Meco, animada por Pepe Penabade e Peccata Minuta.

Na rede de centros cívicos celebraranse diferentes obradoiros e actividades lúdicas vinculadas ao Carnaval. Tamén no Pazo de Bendaña se celebrarán obradoiros de Entroido para os máis pequenos, o luns 12 de febreiro, que serán de entrada libre.

Xenerais do Ulla

Ademais destas propostas, máis vinculadas ao centro da cidade, o Entroido de Santiago volverá estar protagonizado pola figura dos Xenerais do Ulla. A primeira parroquia en revivir os atranques será a de Marrozos, o 3 de febreiro. Seguiránlle Angrois, o día 4; Aríns, o 10, e O Eixo, o 11 de febreiro. Este ano, como novidade, o Castiñeiriño sumárase ás parroquias que veñen mantendo o Entroido tradicional dos Xenerais do Ulla cun atranque o 24 de febreiro.

Principio de acordo para comarcalizar o Parque de Bombeiros



O Presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, o Vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda e a Alcalde de Santiago Martiño Noriega.

O Concello de Santiago, a Deputación da Coruña e a Vicepresidencia da Xunta de Galicia asinarán este ano o convenio para a comarcalización do Parque de Bombeiros de Compostela. Pechouse un principio de acordo, pendente de que se concreten algunhas cuestións técnicas. O parque que lle daría servizo á comarca contaría cuns 90 efectivos, fronte aos 44 do actual Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento do Concello de Santiago.

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, e máis o concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia, Xan Duro, participaron na reunión celebrada na Vicepresidencia da Xunta, xunto co vicepresidente Alfonso Rueda; o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso; e o director xeral da FEGAMP, José Manuel Chapela. Todos eles resaltaron "a vontade de cooperación institucional e o espírito construtivo mostrados na reunión".

Martiño Noriega explicou que "partimos dunha proposta de máxima que fomos modulando, e o proxecto definitivo aínda está por pechar. É preciso negociar cos concellos implicados e ver as súas necesidades, e afrontar tamén a gran complicación que supón a taxa de reposición".

A taxa de reposición, un escollo salvable

O alcalde apuntou que "na actualidade, Santiago presta o servizo con 44 bombeiros e ten capacidade

para contratar ata 65". Para comarcalizar o parque, "precisariamos contar cuns 90 efectivos, de xeito que se puideran organizar quendas que garantan a atención a incidencias que se produzan de xeito simultáneo en Santiago e na comarca sen superar demasiado a marxe de resposta de 20 minutos".

O vicepresidente da Xunta Alfonso Rueda explicou que "na Vicepresidencia do Goberno Galego estamos dispostos a poñernos á fronte das conversas coa Administración Xeral do Estado, e cremos que superar este obstáculo é tamén unha cuestión de vontade política".

A comarcalización, máis cerca que nunca

Rueda agradeceu "ao alcalde e á Corporación municipal de Santiago a súa solidariedade, o seu espírito de facer comarca cando o servizo na capital galega está garantido". Aínda que recoñeceu que "a comarcalización é complicada de plasmar na realidade sen diminuír a calidade do servizo, hoxe puxemos as bases para garantir a cobertura de emerxencias a unha poboación de máis de 200.000 persoas". Agora, dixo, as tres administracións "terán que falar e concretar necesidades cos outros concellos implicados, e definir o esforzo económico necesario". Eses municipios serían Ames, Boqueixón, Brión, Oroso, Padrón, O Pino, Rois, Teo, Trazo e Vedra. Tamén está en estudo a posible implicación de Val do Dubra e Touro.

Opinión

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero

Será por problemas!

Os problemas que nos perseguen son moitos. Veñen dados por este estado de contemplación e pasividade, mesmo o esquecemento que nos paraliza ou adormece. Vemos como todos dan na mesma pedra e ninguén sabe ou quere resolver os problemas. Non importa quen sexan, uns berran máis que outros pero, en definitiva, están posicionados na verba oca, nesa dor xorda que non actúa. Xa se sabe que as verbas voan pero os problemas están aí, todos os días, aí agrandando a inmensa brecha entre ricos e pobres coa pestilencia da corrupción como fondo escuro no que todos tapan as fames alleas, as enfermidades e carencias todas, a falta de dignidade para acoller aos refuxiados ou ás vítimas das guerras. E quedamos así, parados, agardando e observando cativamente como nos come a vergoña. Pero sen movernos. Sequera facemos ademán de cambiar o voto cando chegan as eleccións. A cousa

está mal, porque non son de fiar moitas das opcións. Claro está, unhas máis e outras menos, pero sen clara seguraza. O emprego é miserable, a precariedade está xeralizada e empobrecenos a todos. Mágoa non sabelo nin asumilo, porque por riba abunda na angustia dos parados, que están peor e non son vistos nas estatísticas da dor, da exclusión enfermiza. Esta nova marxinação laboral que afecta a demografía e o futuro, como tamén a pervivencia das pensións, como tamén a falta de ledicia e decisión, é a que nos reduce o potencial humano. Así contrólannos mellor, claro. Ou arre, ou xo! Doado sería, algún decreto quizais, penalizar a temporalidade e precariedade de calquera tipo, impondo un algo de dignidade laboral no horizonte dos supostos sindicatos que, seica, ultimamente, andan xordos e mudos, desaparecidos e asinantes das migallas. Deberan, xa son horas, recuperar a loita polos dereitos laborais e de com-

pensación salarial xusta. Tampouco ninguén acorda xa do desespero dos dependentes, das súas inmensas soidades nesas novas enfermidades que non se curan con receitas e que seguen faltas de acordos, sen atención debida e sen sorrisos. Seguen a morrer vellos sen que ninguén o saiba, na total soidade e esquecemento. Ninguén fai nada en serio diante das intolerables mortes por violencia de machista despois de tantos exemplos que a diario se coñecen. Nin tampouco ninguén protesta pola vergoñenta polución que nos rodea, pola falta de rigor para combater o cambio climático, as plantacións de árbores incendiarias, os abusos nas peaxes das autopistas, as subidas constantes do prezo da luz e do gas, a perda de poder adquisitivo, ... A verdade é que este sistema que tanto nos controla, que sabe todo de nós e como nos move-mos, é incapaz de distribuír debidamente. Estamos gobernados polo poder financeiro e entón convén fanar dereitos e liberdades, facer crer que temos democracia e liberdade anque,

en verdade, nos teñan teledirixidos por unha finxida seguridade. Temos tanto medo a expresarnos libremente que aceptamos o que nos boten. Alá quedaron dereitos básicos e fundamentais mentres eles aguzan nos Códigos Penais, restrinxindo e sancionando. Medo meten a calquera ousada información que os evidencie, e tamén co aviso de incitación ao odio. Medo á arte contestataria, aos cantores que non calan, ao humor crítico, aos comentarios acedos, aos tuiteiros que se van pola pata abaixo, aos que tisan os seus nomes con algunha sabida ocorrencia, aos itinerantes xograres, vociferantes, titiriteiros, moirantes e filósofos da contra. Non lles deixarán abrir a boca e serán sinalados por terroristas, despois, postos no trullo por calquera ocorrencia de última hora. Onde chegamos, non si? Pois haberá que tomar medidas, quizais con ese voto que os bote.



Por Ramón Coira Luaces

25 de abril sempre

O capitalismo é morte, guerra, destrución e explotación. A vida é outra cousa. Defendernos a vida é construímos un mundo novo e loitarmos por el. Un mundo mellor para tod@s e non só para uns pouc@s privilexiad@s. Estou convencido de non imos ser derrotad@s; podemos ter baixas pero a vida e a esperanza sempre se acaban abrindo camiño. Ao meu modo de ver, a dúbida está en se acadamos a vitoria ou se facemos táboas cos defensores da vella orde. Para moita xente, a

que o está pasando mal, o tempo é moi importante; porén somos minoría e cada pequena acción nosa ten enfronte outra acción que intenta debilitala ou anulala; e con frecuencia as reaccións son desmesuradas, totalmente impropias dunha democracia. @s que viven ben con frecuencia queren seguir vivindo ben e manter os seus privilexios, ás veces a costa do que sexa e de quen sexa. A falta de escrúpulos de tanta xente é algo que indigna e estremece. Porén a nosa forza está na resistencia

máis que no ataque, xa chegará o momento de facermos xustiza. Desfogar a raiba e a indignación está ben, no entanto o odio nunca é un bo compañeiro: cometes erros e vólvense en contra túa. Galiza ten as pensións máis baixas do Estado, a pobreza e o abandono do rural son alarmantes; saquéannos fiscalmente, coas peaxes e cos proxectos mineiros destrutivos. A mocidade ten que emigrar porque aquí non encontra traballo. Recortan en sanidade e en educación, deterioran cada vez máis o bosque autóctono coa extensión dos eucaliptos e cunha ruinosa política

forestal. O noso idioma é atacado e marxinado e a nosa cultura é unha camelia que florece nun perpetuo inverno. Languidecemos como pobo e como país. Non vos deixedes comprar e estrebrece compromisos coa sociedade e con Galiza, pese a quen lle pese. E, como dicía unha das nais da Praza de Maio en Arxentina, resistir é combater. E acredito no BNG porque o BNG para min é o mellor motor de Galiza.



Varrer o PPdeG

Este é un soño longamente acariñado pola xente que ama Galicia, pois o Partido Popular traballa para a súa aniquilación e destrución como realidade diferenciada, traballa para que o noso idioma se extinga sen facer ruído, traballa para que o Estado siga espoliando os nosos recursos e siga

manténdonos na sumisión e na dependencia, traballa para impedir que Galicia prospere (importándolle un pemento que a mocidade siga emigrando), traballa para impedir que a nosa patria sexa ceibe e soberana, para impedir que sexa digna. Son unha peste e só buscan o seu beneficio persoal. Son o cancro do

país, os máximos responsábeis da destrución do noso medio ambiente, os que esmagan ou arrincan de raíz a dignidade galega. Os que traicionan o pobo, covardes e sumisos cos poderosos e prepotentes e desleais cos humildes. Católicos de misa semanal que non dubidan en humillar ao pobre e lamberlle o cu ao rico. Caciques que renegan do noso idioma e da nosa cultura. Espertos

en toda clase de trampas e argucias indignas. Aliados e soporte do fascismo e imperialismo españois. Quixeron enfrontar a Galicia con Euskal Herria e agora queren enfrontala con Catalunya. Se fan algo por Galicia é fume ou unha esmola. E, por se fose pouco, aínda presumen de seren galeguistas e demócratas; porque son expertos en facer o paripé. Mala centella vos coma!

Por Nemésio Barxa

Os pinos... e os eucaliptos

Há poucos días via uma notícia nos jornais que considero talentosa na prevenção dos incendios forestais. O Concelho de Vigo, sensibilizado depois dos tremendos incendios nos días 15/16 de outubro pasados, que asolaron grande parte do seu municipio (alem de outros nas provincias de Pontevedra e Ourense) decidiu tomar medidas para evitar tanto os incendios como os danos, que no caso do ano pasado afectaram a 7.000 propietarios tanto na cidade como no rural e nas Comunidades de montes do término municipal, estimados em 9.000.000 €. Devemos reconhecer a eficacia no controlo e extinção do incendio de outubro por parte dos serviços municipais, Protecção Civil e a cidadania viguesa para um lume descontrolado e virulento a pesar da ausencia e ineficacia da Junta tanto em prevenção como extinção; boa noticia é que apenas tres meses depois dos feitos se tenham estudado medidas a adoptar para prevenção de futuros novos incendios, mais intensos e agresivos do habitual debido ao cambio climático. Pois bem, a solução proposta ou medida a adoptar parece de mais racional e simple: um cinturão ou faixa verde de cinquenta quilómetros

de longitude e anchura semelhante á de um campo de futebol, que circundase praticamente toda a contorna do municipio a base de carvalhos e castinheiros fundamentalmente, excluindo expresamente eucaliptos e pinheiros. Ecológico, paisajístico, de expansiom para a cidadania e eficaz.

Quando lım esta noticia pensei na ineficácia e indiferência da Junta que ainda no momento actual não decidiu que facer, quando o perigo da seca subsistiu até dezembro. Mas tambien pensei que menos mal que a ocorrencia não veu da Junta pois o mais provavel seria que as especies escolhidas para formar o cinturão seriam eucaliptos e pinheiros, para fornecer as empresas de seus amigos, depredadores das potencialidades acuíferas e forestais galegas e que com sua escolha propiciam o lume no monte.

Não é gratuita minha sospeita. O eucalipto, espalhado por um 17% do territorio nacional galego, colonizando perto de 500.000 hras, é o resultado de umas políticas, perversas e planificadas polo PP e pola Junta, de abandono do medio rural para sua posterior eucaliptização com objecto de abastecer as necesidades empresariais de ENCE primeiro e acrescentado agora para

alimentar as plantas de biomasa.

Esta política nem mudou nem se moficou depois da desfeita de outubro pasado cos incendios que asolaron especialmente as provincias de Ourense e Pontevedra e sul de Lugo, chegando em alguns municipios (tal como As Neves) a queimar o 90% da sua superficie. Eucaliptos e pinheiros som as especies mais proclives ao lume e facilitadoras de graves incendios, incluso dificultando as labours de extinção; mais provaveis se os solos ficam orfos de uma adequada limpeza e nos lunes referentes de outubro pasado, precisamente as zonas asoladas eras maioritariamente forestais e de plantações de pinheiro e eucalipto. Pois malia todos os lunes a Xunta propicia mais monocultivo de eucalipto, porque agora, como deixamos dito, ao consumo de Ence temos que acrescentar o consumo das plantas de biomasa. A Xunta, na revissão que está a facer do Plano Forestal de Galiza do ano 1.992 não só renuncia a tomar medidas para diminuir a superficie ocupada polo eucalipto senão que promove ou prevé a plantação em algo mais de 20.000 hras e máximo de 30.000 hras de eucalipto nitens, ainda que prevé igualmente a corta em superficies semelhantes nas que convivam eucaliptos com pinheiros, mas esta última previsão de controlo

de cortas foi totalmente descuidada e abandonada pola Junta no cumprimento das proprias previsões do Plano que agora se tenta revisar, de tal jeito que o número de plantações de eucalipto e pinheiro aumentaron manifestamente depois da aprovação do plano, em 1.992; polo que o fundamentado temor é que realmente se levarám a cabo as plantações de 20 ou 30 mil hras mais e que em absoluto se procederá á corta na mesma proporção de plantações mixtas; do mesmo jeito que no Plano de 1992 previa-se adicar uma superficie de 220.000 has para plantação de castinheiros. sem que até a data se houvesse coberto mais dos 20%. Esta é a política forestal da Junta.

E se os eucaliptos arden e os pinos arden, lástima que o nosso hino nacional, Os Pinos, não provoque o lume da rebeldía do país para tomar conta do seu, para unidos botar mao dos recursos naturais para utilizalos em beneficio dos proprio país e de seus (cidadãos?) habitantes.

Quinta do Limoeiro, janeiro de 2.018



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Desleixo pola xustiza

Como suporán, o colectivo dos empregados públicos que atende as funcións de xestión, tramitación, auxilio e medicina forense da Administración de Xustiza en Galicia é abondo amplo e plural, ideolóxica e vitalmente. Pois ben, o 75,5% deste colectivo participou nun referéndum para decidir sobre a proposta dos sete sindicatos con representación: folga indefinida dende o vindeiro mércores. O 73,3% votou a prol desta convocatoria en horario total e outro case 20% en horario parcial. Mais dun 93% dos votantes que representan máis do 70% do colectivo. Poucas

vezes se acadou no sector público galego un apoio tan amplo nunha reivindicación colectiva.

Non se pode dicir que este colectivo teña feito un uso desaquelado do seu dereito, xa que é súa primeira folga dende que se transferiron estas funcións á Xunta de Galicia, no xa lonxano 1996. A última suba da que desfrutaron estes funcionarios foi a que acordou o Goberno de coalición BNG-PSOE no 2008. Sofriron, por outra banda, a supresión do complemento específico durante catro anos. Arestora os funcionarios galegos deste colectivo son os peores pagados de

todo o Estado español.

O noso País está tamén nos últimos lugares canto á informatización e artellamento da Oficina Xudicial, mesmo ben por baixo do territorio onde o Ministerio de Xustiza segue a desenvolver as súas competencias (Extremadura, Murcia, Ceuta, Melilla e as dúas Castelas). Algo impensábel hai só oito anos e que nos fai cuestionar a execución das súas competencias por parte da tan ben dotada orzamentariamente Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Malia que o conxunto do colectivo desconfía do director xeral de Xustiza, Juan José Martín, por non ser veraz nas súas propostas, a negociación melloraba mellorar coa mediación da

Presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais. Mais a Xunta refugou esta mediación e

sentou canda o director xeral de Xustiza ao director xeral da Función Pública, José María Barreiro, demostrando abondo que non lle preocupa o mal estado da Administración de Xustiza.

Na xustiza, como na sanidade pública, as retalladas da Xunta degradaron o servizo público e empeoraron as condicións salariais e de traballo en xeral. A folga indefinida vai agravar sensíbelmente a xa adiada e sobrecargada Xustiza galega. Mais seica o importante é frear o procés.



Entrevista

Por Moncho Mariño

Miguel Santalices, presidente do Parlamento de Galicia

“Hai unha grande desafección pola política e iso non é bo”

Miguel Santalices (Bande, 1955) preside o Parlamento de Galicia desde o ano 2016. Houbo algúns momentos tensos durante este tempo como a expulsión de Beiras. Por outra parte, este político con formación de médico, considera que a saúde democrática e parlamentaria no país está ben, opinión que choca coa da oposición parlamentaria ao goberno da Xunta. De momento a idea de gobernar a lista máis votada está parada na procura do necesario consenso político na cámara. E por último, entre as súas prioridades está a de abrir a cámara galega á sociedade, mesmo pedindo aos parlamentarios e parlamentarias que escoiten á sociedade.

-Vostede ten formación académica como médico, isto permítelle facer boas diagnoses sobre a Cámara para o seu labor?

Permíteme darlle á Cámara unha carga de humanismo. Os parlamentos necesitan dunha carga importante de humanismo, cousa que podemos aportar os médicos. Certo que eu son un médico atípico, porque nunca exercín como médico clínico, salvo polos dous meses finais da carreira. Logo levei a miña carreira ao campo da xestión. Logo aí fixen as oposicións para o corpo de xestión e a partir dese momento unha carreira profesional como directivo da sanidade. Non obstante, a facultade imprégna de maneira de ver que hai detrás dunha persoa, unha complexidade que temos todas as persoas. É unha parte que aporta a Cámara e tamén para difundir mensaxes sobre saúde.

-E como está a saúde do Parlamento e da democracia en Galicia?

A saúde do Parlamento é boa, magnífica. Podo afirmar con firmeza, e ninguén me contradiciu nisto, que somos o Parlamento máis eficiente. Veño dunha reunión de presidentes de parlamentos autonómicos, e iso é o que circula. Porque somos o Parlamento que máis horas bota debatendo, posiblemente dos que máis acordos tamén teña, porque o

ano pasado en proposicións non de lei acadamos o corenta por cento de acodos. E somos o Parlamento que en proporción, que menos gasta ou que ten menos custe.

-Cando chegou á presidencia da Cámara galega, vostede falou de “recuperar a confianza social” por parte de parlamentarios e parlamentarias.

Hai unha grande desafección pola política e iso non é nada bo. Penso que o bo é que a cidadanía vexa a política como algo necesario. Penso que tamén é bo que a cidadanía participe nas decisións adoptadas nun parlamento. Agora estamos tratando de reforzar máis este proceso, unha maior participación da cidadanía nas decisións do Parlamento, dándolle facilidades. Por exemplo, abrimos o Parlamento a que as persoas podan facer preguntas, nós abrimos isto e poden preguntar ao goberno se algún dos setenta e cinco deputados asume esa pregunta. Cousa que non debiera ser difícil. Se dúas mil cincocentas persoas están de acordo para facer unha proposición non de lei, e esa proposta é asumida por algún grupo representado na Cámara, iso dalle facilidades á xente para poder facer. Nas Iniciativas Lexislativas Populares, entedemos que antes era un pouco difícil, antes estaban en 15.000 sinaturas,

agora baixámolas a 10.000. Se unha lei está en trámite, a xente pode facer suxestións. Por tanto, que as persoas podan aportar suxestións é algo que agora se pode facer a través na nosa web.

-Está prevista algunha variación no número de parlamentarios e parlamentarias visto, por exemplo, o descenso demográfico?

Houbo unha proposta de redución de deputados e deputadas na lexislatura pasada. O noso Estatuto marca unha marxe de deputados e deputadas e estamos dentro dela. A proposta de redución garantía un mínimo de representante por provincia. Pero non houbo consenso.

-Que motivou esa falta de consenso?

Pois a falta de consenso non viña do grupo que a propuxo e o presidente da Xunta, que fixo a proposta, decidiu conxelar este asunto. Debemos ter en conta que este cambio debería ser consensuado, pois estamos falando de representatividade. En Canarias están tramitando unha proposta para incrementar o número de parlamentarios e parlamentarias. O importante é manter a esencia do Parlamento dentro duns parámetros normais, que non se desvirtúe o Parlamento e para que serve.

-Nunha entrevista concedida a un medio de ámbito esta-



tal, dixo que o seu momento máis duro foi cando expulsou a Xosé Manuel Beiras. Considera que esta medida debiera ser aplicada máis ou foi unha excepción?

Naquel momento non había outra alternativa. Cando é así tes que aplicar o regulamento. A todo isto, eu manteño unha boa relación con Xosé Manuel Beiras. Pero cando xurde un acontecemento con esa carga de tensión, hai dous mecanismos que debemos ter en conta, o presidente da cámara ha de saber traballar as tres chamadas á orde, e a persoa chamada á orde debe controlar a súa intervención. Porque así, esa dobre actuación entre o presidente e o deputado atemperando a tensión sería o ideal. É un aspecto desagradable pois a ninguén lle gusta expulsar un deputado, pero ás veces é necesario. Porque se a provo-

cación é grande, a resposta é grande e un presidente debe mirar que iso non se lle vaia das mans. Naquel caso, pois era unha sobreescenificación, todos coñecemos a Xosé Manuel Beiras. Naglúns parlamentos déronse casos que ningún presidente debiera permitir. E cando estás nun pleno as pulsacións tamén lle suben a todo o mundo.

-Cando a cidadanía ve situacións así, con carga de pulsacións, non ten medo que esa mesma cidadanía banalice o Parlamento e o que representa?

Teño medo que situacións como a que falamos cree na xente desconfianza e que non tomen a serio esta institución. Por iso estamos tamén na fase de abrir o Parlamento para explicar o que aquí facemos. Temos que ter en conta, ser deputado e botar paixón no que

continúa na páxina seguinte...

...ven da páxina anterior

fago non significa deixar de respectar as normas, pero podo ter un debate profundo sen recorrer ao insulto. Isto non está rifado con manter unha boa relación con outros parlamentarios. E eu estou convencido que a xente ve ben que acheguemos posturas, aínda que sexa difícil. Por iso no tema das descualificacións, hai que atender ben por cousa da picaresca dos deputados e deputadas cando falan. Pero en cuestións de formas, hai un tema que non deixo pasar de ningunha maneira, é a utilización de descualificacións relacionadas coa saúde mental. Fun director dun centro de atención a persoas con este tipo de doenzas e coñezo moi ben o sufrimento dos familiares e dos doentes mesmos.

-Vostede tivo a iniciativa de facer públicas as axendas dos deputados e deputadas, tamén durante a súa presidencia, por iniciativa do PSdeG, redúcese o uso de vehículos oficiais agás para o presidente. Pero hai un

punto que poucos e poucas entenden, os gastos de representación.

No meu caso os gastos de representación serían por exemplo, asisitir a unha reunión de presidentes de parlamentos. O gasto de representación son os gastos que como presidente do Parlamento, ocasionou o meu desprazamento e asistencia a esa reunión. Aí vou representando á institución. Todo iso está fiscalizado. Eses gastos son innatos ao que é o posto de presidente do Parlamento.

-Como cidadán, político e agora presidente do Parlamento, que considera máis acaído, que governe a lista máis votada ou a maioría absoluta?

O da lista máis votada foi unha promesa electora á que nos sumamos todos os partidos naquel momento. Era unha proposta feita polo meu grupo. Esa idea non callou e non se volveu debater este punto. A idea é que aínda sendo bo a existencia dunha maioría, tamén é necesario que dentro



dun parlamento exista un consenso. Isto freou a proposta de goberno da lista máis votada. A miña postura, déixome levar, son consciente do partido onde estou, se daquela propuxo a lista máis votada eu seguina e agora mesmo aparcou este debate, e eu son respetuoso coas decisións do meu partido.

-Os grandes retos que ten o Parlamento que ten agora mesmo?

Entrar na sociedade, está ben que o Parlamento se abra, pero tamén é necesario que a

xente coñeza o Parlamento, que o fangan seu e queira o Parlamento. Ese é quizais, o reto fundamental. Despois, que os deputados e deputadas esteamos entre a xente para escoitar e atender as súas propostas e trasladar ao Parlamento as necesidades reais. Porque se estamos entra a sociedade traeremos o que lle interesa de verdade. E por último que non se vulnere o respecto parlamentario e a normativa parlamentaria. Quero dicir o regulamento e leis do

regulamento, que se están aí é pola súa vixencia. Fago caso do que din os letrados do Parlamento, non paso por riba dunha proposta que fai un letrado, porque estou convencido que ese letrado ou letrada me leva polo bo camiño.

-Repetiría como presidente do Parlamento?

Como presidente levo dous anos. Pero estas decisións son sempre algo precipitadas, pero sempre fun un home de partido, de estar ao servizo público. Pero iso xa se verá.

Óptica mahen
mahen audioprótesis
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

A Torre de Hércules recibiu máis de 132.160 visitas no 2017, o mellor rexistro dos últimos cinco anos

A Torre de Hércules vén de rexistrar, no pasado 2017, a mellor cifra de visitantes dos últimos cinco anos. En total, o monumento recibiu, desde o 1 de xaneiro e até o 23 de decembro, a visita de 132.164 persoas, o que supera en máis de 4.300 a cifra total de visitantes do ano pasado, 127.847 persoas, aínda que son datos parciais, xa que habería que sumar os datos do período de Nadal. Os datos superan as cifras dos exercicios de 2015 (117.427), 2014 (113.849) e 2013 (116.946).

Entre os meses de xullo e setembro, 63.042 persoas coñeceron o faro coruñés, que celebrou o VIII aniversario da súa inclusión na Lista do Patrimonio Mundial. Ante a afluencia de visitantes neste período, o Concello puxo en marcha no mes de agosto un novo sistema de cara a facilitar o acceso ao monumento,

mediante o cal as persoas que se achegaron ao mesmo recibiron unha tarxeta que especificaba o tramo horario no que debían acudir para poder acceder á Torre. A medida, tal e como destaca Alberto Lema, "permitiu reducir os tempos de espera para visitar o faro en máis de 45 minutos".

O responsable de Turismo lembra que o executivo municipal impulsou, da man da Universidade de Coruña, a celebración dunhas xornadas sobre os desafíos da sustentabilidade do turismo patrimonial e cultural o pasado mes de setembro, e que a cidade acollerá este ano o XII Encontro de Xestores de Patrimonio Mundial. Será a primeira vez que A Coruña acolla este foro, no que cada ano participan un cento de responsables da xestión de espazos inscritos na Lista de Patrimonio Mundial do Estado.



Procedencia das visitas

En relación á procedencia das e dos visitantes, o faro recibiu, entre os meses de xaneiro e novembro, un 71,7% de visitas doutras cidades e zonas do Estado. Galicia foi a comunidade autónoma que aportou o maior número de visitas (27,1%), seguida de Madrid (15,2%), Andalucía (9,78%) e Cataluña (9,24%). No plano internacional, Europa (18%) e América (8,05%) foron os continentes dos que chegaron o maior número de turistas do estranxeiro, mentres

que a cifra de visitantes de África, Asia e Oceanía se achega ao 1,52% do total. Os países europeos que rexistraron parte das visitas foron Francia (15,8%), Italia (14%), Alemaña (13,4%), Reino Unido (13,2%) e Portugal (12,7%). No caso americano, a meirande parte das e dos turistas procederon dos Estados Unidos (28%), Arxentina (23,6%), Brasil (9,25%) e México (8,05%).

Prezos públicos

De cara ao ano 2018, e coa entrada en vigor a 1 de xaneiro da nova ordenanza reguladora

de prezos públicos, en relación á prestación de servizos nos museos e instalacións culturais do Concello da Coruña, o goberno local amplía os supostos para a aplicación da tarifa reducida na entrada da Torre de Hércules (1,50 euros). Así o estudantado, as persoas desempregadas e as familias numerosas que visiten o faro, entre outros colectivos, veranse beneficiados polos novos criterios.

Por outra banda, a cota cero ou entrada de balde estenderase tamén ás e os acompañantes de persoas con diversidade, sempre que a compañía sexa imprescindible para o correcto desenvolvemento da visita, así como para as e os membros da Asociación Estatal de Museólogos, xornalistas e persoal docente afectado pola LO de Educación 2/2006. Tamén o acceso será libre o terceiro sábado de cada mes entre outubro e xuño, ademais dos luns --agás o 1 de xaneiro-- do ano.

A Coruña gaña 90.000 metros cadrados de solo público na Maestranza

O Concello formalizou co Ministerio de Defensa a cesión definitiva de 17 parcelas na Maestranza, uns terreos duns 90.000 metros cadrados que pasan a incorporarse desde hoxe ao patrimonio municipal. O alcalde da Coruña, Xulio Ferreiro, e o director do INVIED -o organismo autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa- asinaron esta mañá a acta de entrega ao Concello das fincas, que abranguen solo desde o Hospital Militar ata a rúa Veramar, o que inclúe os viais e xardíns da contorna da Reitoría, o solo da Funda-

ción Luis Seoane e a antiga Comandancia de Obras. "O goberno local logra culminar a regularización deses terreos, pendentes da cesión definitiva desde o ano 1984 e do paso de varios gobernos municipais, e permite aumentar o patrimonio de solo municipal e blindar ese terreo para o uso público", sinala o concelleiro de Rexeneración Urbana, Xiao Varela, que recorda que este acordo con Defensa chega despois de moito traballo e meses de negociación.

"Esta cesión permítenos acadar o obxectivo de incorporar solo novo ao patrimonio do Concello e blindar

a potestade municipal", incide o responsable municipal, que indica, en relación ás naves da Comandancia de Obras, que a cesión supón ademais un cambio de natureza dos terreos, considerados até agora como Ben Patrimonial e que pasan a ter consideración de Ben de Dominio Público, o mesmo que as prazas e os parques, o que supón a maior blindaxe para unha parcela pública, o que impide que, a partir deste momento, esta poida venderse e garante que os seus usos sexan públicos".

A este respecto, Varela destaca que a consecución desta nova consi-

deración do solo da Comandancia está na liña coas pretensións do goberno local para a parcela da Solana, "que é que sexa de dominio público para evitar a súa venda e blindar un uso para a cidadanía". "Agora, tanto os terreos da Comandancia como o resto de fincas afectadas pola cesión pasan a ter titularidade e xestión cen por cen públicas", subliña, e sinala que o acordo serve ademais para regularizar a situación destes espazos e adaptalos ao planeamento vixente. A este respecto, o acordo para a entrega dos terreos da Maestranza ao Concello explicita que o mesmo supón a cesión das fincas, "destinadas a viais, espazos libres, zonas verdes e dotacións públicas, de acordo coas determinacións do planeamento urbanístico".

Cristina Pato será pregoeira da XXXVIII Feira do Viño de Amandi

O goberno local do Concello de Sober vén de manter a primeira reunión preparatoria para a celebración da XXXVIII Feira do Viño de Amandi que este ano será, como de costume, o sábado e domingo de Ramos, 24 e 25 de marzo. O equipo de goberno mantivo unha xuntanza cos adegueiros da subzona de Amandi para perfilar a organización desta edición, na que se prevé que participen vinte-cinco adegas. Nesta edición a Feira estará adicada ao Concello veciño de A Pobra do Brollón, mentres que a inauguración oficial correrá a cargo da adega Guímaro en lembranza da súa matriarca, Concepción Pérez, falecida recentemente aos 99 anos de idade.

A feira e o seu cartel anunciador presentaranse o 24 de febreiro co inicio do denominado Mes do Amandi que contará con un importante número de actividades, entre elas xornadas técnicas, catas comentadas, música, a presentación dun libro de Ramón Sandoval, e unha xornada de maridaxe na Escola de Hostalería de Rosende en colaboración coa Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Vacún de Galicia.

O Concello de Sober deu comezo xa ás accións promocionais para difundir esta cita vitivinícola declarada de Interese Turístico Galego. Así, entre o 31 de xaneiro e o 4 de febreiro a localidade contou cun posto na mostra Xantar de Expourense. En concreto, o domingo día 4 de febreiro o salón gastro-



Na foto de Xan Padrón, Cristina Pato sobre os viñedos de Doade (sober) a carón do río Sil.

nómico internacional estivo adicado ao Concello de Sober e houbo unha degustación de viño de Amandi.

Cristina Pato

Cristina Pato ofrecerá un concerto o sábado día 24 pola tarde na Casa da Cultura de Sober no que ademais de tocar a gaita tamén fará soar o piano. O domingo dará o pregón da XXXVIII Feira do Viño de Amandi, collendo o legado de Rosa Cedrón, pregoeira da pasada edición. O alcalde, Luís Fernández Guitián, felicítase de poder contar cunha música “de tan alto nivel, cun currículo espectacular e que nos vai deleitar cun dos poucos concertos que vai ofrecer en España este ano”.

Aclamada pola crítica internacional coma mestra gaiteira, pianista clásica e educadora apaixonada, Cristina Pato leva unha activa vida profesional dedicada ao intercambio cultural e a crear novos camiños para o

seu instrumento único. A súa carreira dual levouna a grandes escenarios de todo o mundo, incluíndo viras regulares polos EE.UU. e Europa, e outras esporádicas por India, Xerusalén, Angola, China, Korea, México, Turquía e a súa España nativa. É membro activo do Silk Road Ensemble de Yo-Yo Ma e actúa como Asesora de Educación para o Silkroad Project.

En 1998, Cristina Pato converteuse na primeira muller gaiteira en publicar un disco en solitario, e desde entón colaborou con artistas de World Music, jazz, música clásica e música experimental. O seu poderoso estilo único e inconfundible, cheo de paixón e enerxía, foi aclamado polo New York Estafes como “unha virtuosa explosión de enerxía”; O Wall Street Journal nomeouna “un dos mestres vivos da gaita”. Cristina Pato fusiona influencias da música

latina, o jazz, pop e música contemporánea, e usa toda a súa arte e virtuosismo para dar vida á súa visión musical.

Cunha carreira discográfica que comezou ás súas 12 anos, Cristina Pato lanzou e produciu seis discos como gaiteira solista e dous como pianista. Ademais, colaborou en máis de corenta gravacións como artista invitada, incluíndo o álbum ganador dun Grammy Yo-Yo Ma and Friends: Songs of Joy and Peace (SONY BMG 2008) e o álbum de jazz Miles Español: New Sketches of Spain (Entertainment One Music, 2011). Tamén ten un papel destacado no documental The Music of Strangers: Yo-Yo Ma and The Silk Road Ensemble dirixido polo ganador dun Oscar da Academia Morgan Neville.

Cristina Pato deu máis de 600 concertos coa súa propia banda, moitos deles gravados e emitidos por medios de comunicación tales como a RAI, BBC, TVG, CNN e RTVE, e a súa obra fuches eloxiada por xornais e revistas tales como The New York Estafes, O País, O Correo Galego, Downbeat Magazine ou The Wall Street Journal. Cristina Pato posúe a Titulación Superior de Piano, a Titulación Superior de Teoría da Música e a Titulación Superior de Música de Cámara, todas elas polo Conservatorio de Música do Liceu de Barcelona. Ademais, realizou o Master en Artes Digitais (Música Digital) da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona. Reside na cidade de Nova Iorque desde 2005.

Ribeira Sacra en Fitur

Luís Fernández Guitián, alcalde de Sober (Lugo) e presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra presentou na Feira Internacional de Turismo (Fitur) en Madrid, esta organización intermunicipal de Lugo e Ourense.

A presentación versou sobre actuacións enmarcadas nos convenios asinados coa Axencia Turismo de Galicia en 2017. Unha presentación animada, que resumiu o ano 2017 e que se creou expresamente para esta ocasión, foi o apoio audiovisual das explicacións dadas polo presidente do Consorcio. As montaxes de pantalla orixinais e moi dinámicas adoitan ser o punto forte e distintivo de Ribeira Sacra fronte a outras presentacións das que teñen lugar no salón de actos.

Nava Castro, directora de Turismo da Xunta, loubou a labor do Consorcio e refírese a Ribeira Sacra como destino exemplar de traballo conxunto. Anunciou que será destino prioritario, máis se cabe, nas políticas turísticas da Xunta de Galicia 2018-2020.



Luís Fernández Guitián na presentación da Ribeira Sacra.

GADIS REGALA **30.000** EUROS

SORTEO DE 2 PREMIOS DE **15.000** EUROS
ACUMULA TICKETS POR VALOR DE 200€
Y PARTICIPA EN EL SORTEO

Promoción válida del 1 al 28 de febrero de 2018. Sorteo el 7 de marzo de 2018.

Promoción no aplicable a gadisline.com



GADIS



ADOP
Patrocinador
del Equipo
Paralímpico
Español

A Xunta adquirirá inmobles abandonados no Casco Vello de Ourense

A Xunta de Galicia adquirirá inmobles en estado de abandono ou semiabandono no casco vello de Ourense para rehabilitalos e destinalos a alugueiro social. O obxectivo é acadar arredor de trece novas vivendas rehabilitadas, destinando 800.000 euros en 2018 á adquisición de ditos inmobles. Esta actuación enmarcase no programa Rexurbe co que a Xunta de Galicia traballa na recuperación de cascos históricos de diferentes vilas e cidades galegas. Trátase dun concurso público no que os propietarios interesados poderán ofrecerlle os inmobles da súa propiedade para que sexan adquiridos pola Administración autonómica.

Os inmobles que adquira a Xunta deberán estar situados no casco vello de Ourense, nas rúas Vilar, Cervantes, Xerónimo Feijoo, Colón, Libertade, Xulio Prieto Nespereira, Hernán Cortés, García Mos-

quera, Lugo, Pelaio, 2 de Maio, Manuel Sueiro, Padilla, Triunfo, do Perigo, Moratín, Primavera e Bailén e nas prazas da Victoria, do Sal, Imprenta, da Trinidad, Saco e Arce, Pena Vixía, San Marcial, de San Cosme e da Ferreira, así como en Camiño Canella Cega.

O custe de adquisición non poderá superar o valor de mercado do inmovble nin un valor máximo que se calculará coas fórmulas e parámetros incluídos na resolución para cada rúa ou zona. De maneira orientativa, os prezos de adquisición en Ourense oscilarán entre 143 e 317 euros por metro cadrado edificable destinado a vivenda. Adquiriranse inmobles cun alto nivel de deterioro co obxectivo de actuar sobre os que presentan as peores condicións.

O propietarios interesados en vender os seus inmobles dispoñen dun prazo de tres meses para presentar as súas ofertas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo. Prevese que a



Rúa Libertade, en Ourense.

adquisición en escritura pública se formalice no próximo verán e despois procederase á redacción dos proxectos de rehabilitación ou construción.

Actualmente, a Xunta ten en execución a rehabilitación do inmovble da rúa Vilar 1, no que se obterán dúas vivendas e, proximamente, adxudicaranse as obras de Vilar 3-5, que foron licitadas o pasado sete de decembro. O Goberno galego investirá nestas obras máis de 600.000 euros.

Cruz Vermella ofrece formación para desempregados



Nos cursos participan trinta alumnos.

Na Cruz Vermella de Ourense desenvólvense dous cursos de formación para desempregados (AFD) promovidos por esta entidade en colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria. En total son 30 as persoas que participan nestas dúas iniciativas formativas que contan cunha achega de case 80.000 euros.

Cada un dos cursos conta con 15 alumnos que reciben formación en atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e no domicilio e que, ao seu

remate, obterán o certificado de profesionalidade nas devanditas especialidades válido en toda España. O curso de atención socio-sanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ten 468 horas de formación, mentres que o de atención sociosanitaria de persoas no domicilio amplía a formación ata chegar a 618 horas. As dúas accións formativas capacitarán ao seu alumnado para atender a persoas con especiais necesidades e manter e mellorar a súa autonomía persoal e as súas relacións co entorno.

Campaña de prevención de riscos no tractor en concellos

A secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca, presentou en Lugo, a campaña sobre a prevención de riscos no manexo do tractor que está desenvolvendo a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). Esta iniciativa chegará a 119 concellos do rural galego repartidos polas catro provincias galegas (35 da Coruña; 30 de Lugo; 27 de Ourense; e 27 de Pontevedra). Na provincia lucense, a actuación levarase a

cabo na Fonsagrada, Navia de Suarna, Castroverde, Becerreá, Baleira, Cervantes, Monforte de Lemos, Pantón, Ribadeo, Xove, Viveiro, Cervo, Foz, Barreiros, Burela, O Valadouro, A Pastoriza, Mondoñedo, Lourenzá, Abadín, Trabada, Outeiro de Rei, Rábade, Cospeito, Guitiriz, Vilalba, Xermade, Sarria, Láncara e Palas de Rei.

Estratexia de seguridade

A actuación forma parte da Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo que a Consellería de Economía, Emprego

e Industria, en coordinación cos axentes sociais, está desenvolvendo para garantir un emprego seguro e de calidade como elemento clave da competitividade. A planificación inclúe 163 medidas distribuídas nos 6 obxectivos estratéxicos da folla de ruta. Entre os obxectivos destacan a mellora da eficiencia das institucións públicas dedicadas á prevención de riscos; promover a implicación dos interlocutores sociais e dos actores vinculados á seguridade e saúde no traballo; mellorar e facilitar o cumprimento efectivo da normativa sobre prevención, así como a súa vixilancia e control; potenciar as actuacións das administracións en materia de análise, investigación, informa-



Covadonga Toca presentou a campaña sobre a prevención de riscos no manexo do tractor.

ción, promoción, apoio e asesoramento técnico; fomentar a mellora das condicións da seguridade laboral con especial atención a sectores, empresas e colectivos que presentan maior risco; e impulsar unha formación de calidade en materia de prevención de riscos e a consolidación dunha cultura preventiva

na sociedade galega.

Con esta nova Estratexia, en palabras de Toca, estase a reforzar o rol do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) no deseño, coordinación e execución das políticas públicas, ao tempo que potencia e fortalece ás institucións dedicadas á prevención.

O RELACIONAMENTO CULTURAL ENTRE A GALIZA E PORTUGAL

Por **José PAZ RODRIGUES**
(Académico da AGLP e Presidente da ASPGP)

Durante décadas, sendo claramente países irmãos em língua e cultura, Galiza e Portugal estiveram de costas viradas em muitos temas. Mesmo hoje tem maior relacionamento Extremadura que Galiza com Portugal, e são muitos os centros educativos extremenhos de secundária nos que se estuda o idioma português, que tinha nascido na antiga Gallaécia, com a denominação de galaico-português. É muito significativo aquele formoso desenho de Castelão do seu Album Nós, no que um velho tem no seu colo um menino, sentado na ribeira do Minho (pode ser em Tui, Arbo ou Salvaterra). Ao outro lado está Portugal e o rapaz pergunta: «E os da beira de alã são mais estrangeiros que os de Madrid? O pé do desenho continua com a frase: «Não se souve o que lhe respondeu o velho». Embora, intue-se, pois ao sul da Nossa Terra está Portugal e não Andalucia. Sobre o relacionamento entre ambos países irmãos tem-se feito muito pouco, ao menos ao nível de instituições governamentais durante infinidade de anos. Existem ainda lamentavelmente múltiplos preconceitos por ambas as partes. Os

sucessivos governos galegos não chegaram mais alã de tímidos contactos e de frases rimbombantes, vacias de conteúdo. Existe o Eixo Atlântico, embora com muita pouca actividade e intercâmbios, e uma Comunidade de Trabalho Galiza-Norte de Portugal, mais no papel que em factos concretos e reais. A Lei Paz Andrade, aprovada por unanimidade no Parlamento Galego, caminha a passo de tartaruga, pois no governo galego não existe o entusiasmo necessário para fazer-la efetiva. É um verdadeiro contra senso, que Galiza e o Norte de Portugal, espe-

carácter oficial, seja o facto de que existisse medo por parte dos governantes galegos e os da corte madrilenha, a que galegos e galegas pudessem refletir de que Portugal é uma grande Galiza, com cultura e idioma similares. E, por isto, continuamos sem poder olhar a televisão portuguesa, sem escutar as suas rádios, sem poder comprar livros, diários e revistas lusos de forma normal nos quiosques, e outros recursos culturais aquí na Nossa Terra. É uma espécie de medo irracional à liberdade. Por isto, o pouco relacionamento cultural e educativo que houve e



Carlos Dur3o com Rodrigues Lapa

cialmente, não tenham um relacionamento institucional, periódico e continuado. Para favorecer os intercâmbios comerciais, culturais, industriais, educativos e turísticos. E mesmo para receber ajudas da União Europeia. Mesmo o relacionamento entre universidades quase que não existe. Um facto realmente inexplicável.

É possível que a razão de que durante o franquismo e os anos que levamos de democracia, fora mínima a relação galaico-portuguesa de

há entre ambos povos, a um lado e outro da raia seca e da raia húmida, foi quase que sempre levado a cabo por intelectuais particulares com sensibilidade e de forma individual, e também por entidades culturais e pedagógicas de carácter privativo. Por elo é muito de agradecer, e nos enche de orgulho e alegria, que desde há pouco tempo tenhamos uma publicação periódica galaico-portuguesa com o nome de Novas do Eixo Atlântico (Xornal Galego-Português da Gallaecia), que dirige o nosso amigo Guillermo Rodríguez, que antes tinha dirigido



Isaac Estraviz com Diaz Pardo

A Peneira. Venho colaborando com grande ilusão nesta publicação, que desejo de todo coração tenha uma larga vida. **DEFENSORES DA IRMANDADE GALAICO-PORTUGUESA :**

Castelão no seu formoso livro Sempre em Galiza, considerado por muitos como a «Bíblia dos Galegos», dedica vários capítulos a Portugal, e sinala que quando viajava a este país ao voltar sentia-se mais «galego». É célebre a sua frase: «A nossa língua floresce em Portugal», que tem um senso profundo e acertado. Pela sua parte, Antom Vilar Ponte, chegou a dizer que «O galego que não ama Portugal, não pode amar a Galiza». O nosso Otero Pedrayo escreveu aquilo de que «Galiza é uma prolongação de Portugal, ou Portugal uma prolongação da Galiza. O mesmo dá». O hino galego escrito por Pondal é um verdadeiro canto à amizade da Galiza com Portugal. Cuevilhas manteve um relacionamento prolongado com intelectuais portugueses, e ademais ainda hoje as suas investigações sobre a pré-história e a idade do ferro da antiga Gallaecia estão sem superar. Foram muitos os galegos que de forma periódica viajaram a Portugal, encontrando-se como na

sua própria casa, para participar em palestras, seminários, congressos e exposições. Entre os já desaparecidos temos a Risco, Bouza-Brei, Carvalho Calero, Guerra da Cal, Taboada Chivite, Pepe Posada, Fernández del Riego, Vicente Biqueira, Manuel Maria, os irmãos Carré, Celso Emílio, Álvarez Blázquez, Filgueira, Rafael Dieste, Blanco Torres, Rei Alar, Juan Naia, Díaz Jácome, Antom Tovar, Pura Vázquez, González Garcés, Isaac D. Pardo, Manuela Ribeira, Anjo Martínez e muitos outros. De entre os vivos, ainda entre nós, Isaac Estraviz, J. L. Fontenla, Gil Hernández, Rudesindo Soutelo, ngelo Cristov3o, ngelo Brea, Rguez. Colmenero, Felipe Senén, Adela Figueroa, Alexandre Banhos, Carlos Dur3o,

continúa na páxina seguinte...



Otero Pedrayo



Teixeira de Pasco3es

...ven da p3xina anterior

Mart3nez Coello, J. M. Barbosa, Rodr3guez Cruz, Torres Regueiro, Martinho Montero, M^a do Carmo Henriques e tamb3m eu mesmo, entre outros.

Por parte portuguesa, temos que destacar em primeiro lugar ao poeta de Amarante Teixeira de Pasco3es, que abre com um poema dedicado aos poetas galegos o primeiro n3mero da revista N3s, pois era amigo de Risco. E muito especialmente a Manuel Rodrigues Lapa, de Anadia-Porto, grande amante da Nossa Terra e experto em l3rica galaico-portuguesa. Tamb3m o grande experto em jogos populares Ant3nio Cabral, de Vila Real, que participou em numerosos encontros galaico-portugueses, a um lado e outro



Cuevillas e Risco



Joaqu3m Rodrigues dos Santos J3nior

da raia, e nas «Jornadas do Ensino da Galiza e Portugal». Merecem cap3tulo aparte o pioneiro Manuel de Oliveira Guerra, criador da revista galaico-portuguesa C3ltica, com sede no porto, na que colaboravam galegos e portugueses. E Joaquim Rodrigues dos Santos J3nior, que viajava per3dicaamente 3 Galiza, e a Ourense em particular, pois era muito amigo de Cuevilhas. Em Torre de Moncorvo conserva-se a sua excelente biblioteca, na que destaca muito especialmente o apartado de publica33es da Galiza, com muitas primeiras edi33es de livros de galegos, assinados por seus autores. Oliveira, Santos J3nior e Rodrigues Lapa, merecem um atigo aparte cada um deles. 3 necess3rio mencionar tamb3m a Ant3nio Lamela, que tanto ajudou nos anos oitenta e noventa a colocar placas sobre a amizade galego-portu-

guesa, em Ponte de Lima, Guimar3es, Arcos de Val-de-Vez, Viana do Castelo e Ponte da Barca. De uma ampla lista-gem de amantes da Galiza h3 que mencionar em especial a Hernani Cidade, Hugo Rocha, Ant3nio Leite, Rebelo Bonito e Ant3nio Norton. Entre os vivos merece uma especial men33o o Padre Louren3o Fontes de Vilar de Perdizes, Chrys Chrystelo das Ilhas A3ores, Ant3nio Pires Cabral de Vila Real, H3lder Pacheco de Porto, Jos3 Luis Pires Laranjeira de Coimbra, Salvato Trigo de Porto e Ant3nio Sousa Fernandes, Jo3o Formosinho e Rui Vieira de Castro da Universidade «Minho» de Braga. Ademais do actual presidente da C3mara Municipal de Montalegre, Orlando Alves

Em um pr3ximo artigo falaremos das entidades culturais e educativas que mais se t3m volcado na organiza33o de actividades em comum entre galegos e portugueses. Entre elas podemos citar a AGAL, a ASPGP, a AGLP, as Irmandades da Fala e a Associa33o de Amizade Galiza-Portugal. Com as suas «Jornadas do Ensino», Mostras do livro portugu3s, Encontros de Jogos Tradicionais, Congressos internacionais da L3ngua Galego-Portuguesa e Col3quios da Lusofonia.

N3o seria justo deixar de mencionar



Castelao

que as C3maras municipais, com as suas cidades, de Ourense e Vila Real, est3o gemeadas, embora nos gostasse que realizaram mais actividades conjuntas. Menos mal que se mant3m o Pr3mio de Poesia Cidade de Ourense, com participa33o de poetas galegos e portugueses, o 3nico no que se podem premiar textos escritos na norma portuguesa. Os nossos parab3ns v3o para os concelhos de Verim e Salvaterra do Minho, que mant3m programas comuns e interc3mbios com os de Chaves e Mon33o respeitivamente. Animamos a que fa3am o mesmo os de Tui-Valen3a do Minho, Arbo-Melga3o, Vilardev3s-Vinhais e Ginzo-Montalegre.

Novas da Raia

Constitui33o do AECT Rio Minho aprovada pelos Governos de Portugal e Espanha

No seguimento do processo de constitui33o iniciado em 2016 pela Uniminho – Associa33o do Vale do Minho Transfronteiri3o, os Governos de Portugal e Espanha aprovaram formalmente a constitui33o do Agrupamento Europeu de Coopera33o Territorial do Rio Minho – AECT Rio Minho – que tem como associados a CIM Alto Minho e a Deputa33o Provincial de Pontevedra.

De acordo com Manoel Ba-

tista, Presidente da Uniminho e Presidente da C3mara Municipal de Melga3o “a aprova33o da constitui33o deste novo instrumento de coopera33o transfronteiri3a no territ3rio do Rio Minho vai trazer uma nova energia na procura de solu33es conjuntas para a resolu33o e elimina33o dos ainda persistentes obst3culos 3 permeabilidade transfronteiri3a, designadamente nas 3reas da sa3de, dos transportes e da educa33o”; por outro lado,

afirmou ainda que “permitir3 tamb3m promover o territ3rio transfronteiri3o singular do Rio Minho, potenciando todo o seu patrim3nio natural e cultural”.

O AECT Rio Minho, com sede em Valen3a, abrange os 10 concelhos da CIM Alto Minho e 16 concelhos galegos da Prov3ncia de Pontevedra com liga33o ao Rio Minho, e tem como objetivo contribuir para o desenvolvimento socioecon3mico e da coes3o institu-



cional do territ3rio de interven33o, para a promo33o do patrim3nio cultural e natural transfronteiri3o, para a valoriza33o das potencialidades dos seus recursos end3genos, e para a cria33o e consolida33o da marca tur3stica transfronteiri3a Rio Minho e outras marcas no 3mbito nacional e internacional.

No seguimento desta apro-

va33o, o AECT Rio Minho ser3 em breve constitu3do atrav3s de escritura p3blica a celebrar entre a CIM Alto Minho e a Deputa33o de Pontevedra, sendo que esta constitui33o integra-se ainda no projeto Smartmi3o, co-financiado pelo Programa Interreg V A, promovido por estas duas entidades e pelo Centro de Estudos Euro-Regionais Galiza-Norte de Portugal.

Galicia

Redacción OURENSE

Xunta e Concello de Barbadás colaboran na mellora do parque dos Patos

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda e a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, acompañados do alcalde de Barbadás, Xosé Carlos Valcárcel, visitaron o Concello co obxectivo de comprobar as obras que se realizaron a través da orde de subvencións para Infraestruturas de Uso Público do pasado ano e que permitiron rehabilitar e mellorar o parque dos Patos.

A Vicepresidencia e o Concello de Barbadás aunaron esforzos para facer fronte aos máis de 87.500 euros que custou a intervención, cunha achega da administración autonómica de 40.000 euros. Grazas a este in-



Parque dos Patos en Barbadás.

vestimento púidose mellorar este espazo e recuperalo para a cidadanía xa que unha gran superficie deste parque estaba desaproveitada e con maleza polo que se convertera en ver-

tedoiro. As obras consistiron na limpeza do terreo, execución de pavimento nas aceiras existentes, instalación de sistema de rego por aspersión e a creación dun xardín vertical.

O PSOE de Allariz insta al BNG a que se aprobe unha ordenaza de axudas á emerxencia social

O PSOE de Allariz vén de solicitar, a través dunha moción, que o Concello redacte e aprobe unha ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social. Tal como sinala Zaida Rodríguez, portavoz socialista no Concello de Allariz “por dignidade e por xustiza social, é urxente que o noso Concello atenda as necesidades básicas das persoas e cubrir os seus servizos esenciais, combatendo a pobreza nas súas diferentes facianas e, sobre todo, facelo dun xeito regulado que asegure a equidade no acceso a estas axudas”.

O PSOE coida que esta medida é prioritaria dados os efectos salvaxes da crise económica que está a provocar unha suba incontrolada dos niveis de desigualdade e, polo

tanto, o aumento da pobreza. “no día de hoxe aínda somos vítimas desta tormenta económica que, a apesares da propaganda governamental interesada, aínda non fomos quen de superar. Resulta imprescindible sacar da exclusión social a determinados colectivos sociais e darlle a oportunidade de exercer, por completo, as súas posibilidades humanas e cidadás”, engade Rodríguez.

“O Concello de Allariz, non pode seguir distribuindo recursos públicos para atender situacións particulares de emerxencia social sen contar cunha norma clara, sinxela, obxectiva e transparente que os regule.



Casa Consistorial de Allariz.

Non pode ser unha decisión unilateral e sen unhas pautas reguladoras claras e coñecidas á hora de conceder axudas e prestacións económicas ou materiais para paliar situacións transitorias de necesidade. Hai que ser máis rigorosos á hora de reforzar os procesos de integración familiar e inclusión social e previr situacións de exclusión”, conclúe Zaida Rodríguez.

Medio Rural fomentará a mobilidade de Terras en Paderne

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, recibiu en San Caetano ao alcalde de Paderne de Allariz, José Manuel Fernández. Nesta xuntanza de traballo exploraron as posibilidades que se presentan neste municipio ourensán para fomentar a mobilización de terras agrarias a través de diferentes procesos de reestruturación parcelaria. Neste sentido, o rexedor municipal –que é ademais presidente da Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense– trasladou á conselleira que existe un interese crecente, especialmente pola xente nova, por asentarse no rural e dedicarse á actividade agrogandeira.

Por outra banda, o alcalde solicitou neste encontro a colaboración da Consellería

para dotar á devandita Mancomunidade dun tractor para realizar labores de roza e limpeza de matogueira para a prevención de incendios forestais, unha posibilidade que Ángeles Vázquez comprometeuse a estudar, valorando en particular o feito de que sexan varios municipios os que fan esta petición, agrupados no marco da mancomunidade.

De sta entidade local forman parte, ademais de Paderne de Allariz, os concellos de Baños de Molgas, Esgos, Maceda, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, Pereiro de Aguiar, San Cibrao das Viñas, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Espadanedo. Foi constituída no ano 2007 e acada unha poboación aproximada de 24.000 habitantes e unha extensión de 597 quilómetros cadrados.



José Manuel Fernández con Ángeles Vázquez.

Escola Galega de Apicultura en Allariz

A Escola Galega de Apicultura será un centro de formación apícola ubicado na vila de Allariz. Trátase dun novo proxecto promocionado dende a Asociación Galega de Apicultura, no que participarán o concello de Allariz e a Fundación Ramón González Ferreiro,

que comezará a funcionar na primavera do 2018.

Organizarán actividades como cursos de formación, o Día Mundial das Abellas o 20 de maio e unha feira do mel no outono. A primeira actividade, esta primavera, será un “Curso superior de apicultura comercial”.

Grupos de desenvolvemento rural darán apoio a proxectos no agro

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, destacou que os seis grupos de desenvolvemento rural (GDR) de Ourense xestionarán 4,6 millóns de euros no bienio 2017-2018 para impulsar diferentes proxectos no agro desta provincia. Salientou tamén que con estes fondos apoiaranse un total de 83 iniciativas, que teñen que ver con eidos coma o agrícola e forestal, os servizos sociais, a promoción empresarial ou a acción cultural e turística. Precisamente, en relación con estes últimos, a conselleira supervisou hoxe diferentes actuacións subvencionadas polo Grupo de Desenvolvemento Rural de Valdeorras, de carácter non produtivo, en varios concellos da comarca.

Trátase, en concreto, da rehabilitación arqueolóxica dunha ruta de sendeirismo no concello de Rubiá, o acondicionamento da ponte Casaio e da igrexa de Sobradelo, no de Carballeda de Valdeorras, e melloras e adecuación do centro apícola de Prada no municipio da Veiga. Estas catro iniciativas suporán un investimento total que supera os 205.000 euros, cunha axuda que en conxunto chega aos 182.000.

Arqueoloxía en Rubiá

O proxecto arqueolóxico en Rubiá está xa rematado. Fíxose a limpeza, levantamento topográfico, sondaxes e sinalización dun treito de Vía Romana na



Ángeles Vázquez, en A Veiga.

Serra da Enciña da Lastra, co fin de recuperalo desde o punto de vista histórico, cultural e social. Leváronse a cabo varios cortes transversais para estudar o afirmado da plataforma da vía e ademais colocáronse tres paneis explicativos na ruta.

Canto ao acondicionamento do espazo urbano na contorna da ponte Casaio, este proxecto atópase executado, aproximadamente, ao 50%. Contémplase o reforzamento e mellora da estrutura da ponte, a dotación de mobiliario urbano, apeadoiro, canalización dos cables aéreos e alumeadado público, entre outras intervencións. Na igrexa de Sobradelo, no mesmo municipio de Carballeda de Valdeorras, fixéronse labores, xa practicamente rematados, de impermeabilización e mellora do seu solo, estrutura, paredes e sistema de calefacción.

Por último, a conselleira coñeceu as melloras, tamén xa finalizadas, do centro apícola de Prada, no concello da Veiga. Dotouse de expositores, mesas de cata e cadeiras para a instalación dunha sala de exposicións e sala de catas e degustación, xerando desta forma un área comercial dentro das instalacións. Tamén se levou a cabo a colocación de chan radiante nas salas de manipulación do mel.

Todas estas iniciativas recibiron o apoio financeiro do GDR Valdeorras, unha asociación creada en 2008 que desenvolve as súas actuacións nos nove concellos da comarca (Larouco, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Rubiá, O Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, A Veiga e O Bolo), que contabilizan unha poboación de máis de 26.700 habitantes e unha extensión de 969 quilómetros cadrados.

Medio Rural e A Peroxa reforzan a colaboración forestal

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, reuniuse co alcalde da Peroxa, Manuel Seoane, para afondar na colaboración entre Xunta e Concello a prol do agro neste municipio ourensán. En concreto, ambos acordaron impulsar

a mobilización de terras como xeito de dinamizar o medio rural, fomentando o seu aproveitamento con fins agrogandeiros. Ademais, a conselleira e o rexedor municipal avaliaron as diferentes liñas de cooperación en materia forestal. Así, a titular de

Medio Rural comprometeuse a estudar a solicitude do alcalde de contar cun tractor para roza de matogueira e desta forma contribuír a reducir a biomasa nos camiños municipais e, consecuentemente, diminuír o risco de incendio forestal.

A Xunta aborda a situación dos servizos sociais na Peroxa

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, continuou coa rolda de encontros con alcaldes e alcaldesas de Galicia para afondar nas liñas de colaboración entre administracións cunha xuntanza co primeiro edil do concello da Peroxa, Manuel Seoane Rodríguez. A entrevista, que tivo lugar en San Caetano, serviu para abordar a situación dos servizos e programas sociais que se desenvolven nesta vila de Ourense.

Así as cousas e no eido de familia e infancia, ambos mandatarios coincidiron en subliñar a excelente ratio de atención que presenta o concello ourensán, grazas ao servizo que presta o Punto de Atención á Infancia (PAI) municipal e para o que a Xunta de Galicia achega cada ano 9.000 euros. No que respecta ás persoas

maiores, a Consellería de Política Social oferta 9516 horas anuais para o Servizo de Axuda no Fogar que permiten que a ratio de cobertura se sitúe no 99,83%.

A Peroxa conta cun centro residencial para persoas con discapacidade intelectual gravemente afectadas da Asociación de Pais e Nais a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual (Aspanas). En concreto, estas instalacións dispoñen de 30 prazas, todas elas concertadas. Así mesmo, hai unha unidade de adultos con autonomía de 24 prazas, a metade das cales tamén forman parte da rede pública. Rey Varela e Seoane Rodríguez abordaron a posibilidade de ampliar a colaboración das dúas institucións coa finalidade de mellorar os recursos asistenciais que se ofertan para os veciños e veciñas da Peroxa.



José Manuel Rey Varela e Manuel Seoane Rodríguez.



Manuel Seoane coa conselleira de Medio Rural.

Alcaldes e concelleiros ourensáns cobraron en 2017 case 2,7 millóns de euros dos seus concellos

Ourense Dixital, xorna dixital alternativo e independente, informa que “un centenar de políticos locais nos 92 concellos da provincia ourensá cobraron case 2,7 millóns de euros ao longo do pasado ano 2017. Os 99 políticos que teñen asignacións por dedicación á súas concellos, ben sexa total ou parcial, cobraron ao mes máis de 191.000 euros e percibiron na súa gran maioría 14 pagas ao ano. De cando en cando algún deles causoubai-xan asignacións, aínda que tamén foron moitos poucos os concellos que incorporaron algún salario máis ao longo do ano”.

A cidade

Segundo o diario dixital, o Concello da provincia que paga máis soldos a políticos é o da capital: 12 dos 27 concelleiros cobraron 444.509 euros fixos,

de aí para arriba. Pero a este diñeiro hai que engadir os 287.403 euros que totalizaron os 11 eventuais contratados polos catro grupos políticos a disposición deles e, sobre todo, do alcalde da cidade. Deste xeito, o Concello de Ourense pagou en 2017 non menos de 732.000 euros en salarios puramente políticos.

Séguenlle tres concellos en número de concelleiros que cobraron directamente das arcas municipais: Barbadás, O Barco de Valdeorras e Castrelo de Miño, con cinco salarios mensuais cada un. Barbadás pagou en salarios 113.718 euros aos seus cinco concelleiros con algún tipo de dedicación; Castrelo de Miño 75.000 euros e O Barco de Valdeorras pouco máis de 65.000. Sorprende que Castrelo de Miño, con só 1500 habitantes, gaste anualmente 75.000 euros en soldos de

concelleiros do Goberno municipal do BNG.

Allariz e Celanova

Allariz e Celanova son os seguintes da lista con catro concelleiros cada un en nómina. A Celanova cústanlle case 106.000 euros ao ano en salarios, e case 97.000 euros ao de Allariz. O que non serviu no primeiro dos casos para que Celanova fose capaz de aprobar un só orzamento desde 2012, a pesar de que o seu alcalde cobre ao ano 45.000 euros. Tampouco a alta presión fiscal que soportan os veciños de Allariz nin a enorme débeda que ten a seu Concello afecta aos 40.518 euros que percibe anualmente o seu alcalde.

Verín, a pesar de ser o segundo concello da provincia por poboación e volumen orzamentario, paga 3 salarios a políticos do actual Goberno municipal: 85.255 euros. Si-

milar ao caso de Castrelo de Miño, tamén o do Irixo pagou tres salarios mensuais ao longo do pasado ano, 56.000 euros en nóminas a políticos do Partido Popular para gobernar a 1.546 habitantes.

Alcalde de Ourense

Cos seus 64.431 euros anuais, 4.602 ao mes, Jesús Vázquez o rexedor da capital, é o alcalde da provincia que máis cobrou en 2017, pero non foi o alcalde mellor pago. O mellor pago é o de San Cibrao das Viñas, Pedro Fernández Moreiras (PP), que cobrou 33.600 euros ao ano, 2.400 euros ao mes, pero por media xornada, 4 horas ao día, 20 á semana. Menos diñeiro pero sen dedicación exclusiva, porque o rexedor de San Cibrao mantén o posto de traballo que tiña antes de relevar na alcaldía a Elisa Nogueira.

Ourense Dixital sostén que



Casa Consistorial de Ourense.

“Entre os que non teñen nómina hai casos tan curiosos como o do alcalde de Baltar. José Antonio Feijóo non tivo soldo do Concello en 2017 para seguir dedicándose ao seu negocio, pero cobrou case tanto como seis concelleiros xuntos por cada Pleno ao que asistiu (295 euros o alcalde por 50 euros cada concelleiro), e cada Xunta de Goberno pagou máis ao alcalde por asistir que ao resto dos seus integrantes (295 euros o alcalde, 30 euros todos os demais)”.

Os asesores do Concello de Ourense cústanlle aos cidadáns 347.000 euros por ano

Partido Popular, Democracia Ourense e PSOE rexeitaron no Pleno ordinario de xaneiro de 2018 no Concello de Ourense, as alegacións de Ourense en Común ao incremento de partida orzamentaria dos asesores políticos (eventuais) dos tres grupos no Concello de Ourense. Deste xeito, o custo dos políticos municipais e os seus eventuais así como os catro grupos que conforman a Corporación Municipal, pasa a estar ao redor dos 960.000 euros por ano. E excederá con moito o millón de euros sumado o gasto variable que supoñen as asistencias a

plenos dos quince restantes concelleiros que non teñen dedicación ao Concello, así como as asistencias ás comisións informativas e outros gastos menores.

“Adiante Ourense”, a formación de Benito Iglesias, advirte que o incremento de gasto para a contratación de asesores dos grupos políticos do Concello (menos Ourense en Común) trátase de “moeda de cambio para aprobar os orzamentos”. Acusa a Democracia Ourense e ao PSOE de anteponer “os seus propios intereses aos verdadeiros problemas da cidade” e afirma que a subida

de gasto “non é asumible” polo Concello.

En contra da liña argumental de que outras cidades galegas consignan máis a persoal de confianza dos seus políticos que o de Ourense, “Adiante” traslada a análise ao plano porcentual: Ourense gasta en asesores dos políticos 287.000 euros, pero co incremento aprobado en xaneiro a cantidade excederá os 347.000 euros por ano.

Comparacións

A Coruña paga 488.000 e Vigo 453.000, pero Ourense ten 105.893 habitantes, A Coruña 243.978 e Vigo



Sesión plenaria no Concello de Ourense capital.

292.817. Isto quer dicir que, mentres os asesores políticos da Coruña cústanlle a cada cidadán 2 euros ao ano e 1,55 os de Vigo a cada vigués, os do Concello de Ourense custan a cada ourensán 3,30, máis do dobre do que lle custan a cada cidadán de Vigo.

“Suxerimos que a suma total destas dúas partidas, retribucións aos órganos de goberno

e retribucións ao persoal de emprego ou confianza, limítase a unha determinada cantidade anual, de forma que a contratación deste tipo de persoal sexa compensada coa diminución dos soldos do alcalde e concelleiros, seguro que así se pensarán moi ben estas contratacións”, conclúe propoñendo respecto diso “Adiante Ourense”.

O tribunal de contas arquiva a denuncia do PP contra a alcaldesa do Porriño

O Tribunal de Contas vén de comunicar á alcaldesa do Porriño o arquivo da denuncia polas supostas irregularidades na xestión económica financeira do Concello, remitida a este tribunal pola Fiscalía con data 24 de novembro de 2017, e que fora presentada polos concelleiros do Partido Popular na Corporación Porriñesa, Manuel Alejandro Lorenzo, Carlos Manuel Martínez, María José Martínez, Iria Lorenzo, Ramón Porto, Ana María Martínez, José Carlos González e José Manuel Estévez.

A devandita denuncia fai referencia ás supostas irregularidades no expediente de recoñecemento extraxudicial de débeda por importe de 2.174.982,80€, incluíndo as facturas pagadas pola realización de rozados en camiños e estradas municipais e pola limpeza viaria, entre outros servizos prestados ao Concello, abrangendo aqueles feitos entre os anos 2013 e 2016, moitos deles contratados polo propio Partido Popular cando ocupaba o Goberno Municipal, e contra de cuxo pago votaron os seus concelleiros cando este expediente foi ao Pleno do Concello.

O Tribunal de Contas cando recibe a comunicación da de-



nuncia, decide o nomeamento dun instrutor e antes de proceder ao mesmo pídelles á representación legal do Concello do Porriño que presente as súas alegacións.

As mesmas fainas, persoalmente, a propia alcaldesa, e á vista delas e da documentación aportada, o Tribunal considera que está plenamente xustificado o gasto e decide que non hai irregularidade algunha ao estar explicada perfectamente a falla de contratación destes servizos.

Finalmente, o Tribunal de Contas decide deixar sen efecto o nomeamento do instrutor e archivar a denuncia, tal e como solicitara o Fiscal, no seu escrito de 16 de xaneiro de 2018 no que manifesta que examinadas as novas alegacións realizadas pola alcaldesa e a documentación entende “debidamente xustificadas a irregularidades sinaladas”.

Hai que lembrar que nas súas alegacións Eva García de la Torre - tal e coma fixo o pasado mércores, día 24 no Pleno extraordinario no que compareceu, a petición propia, para dar explicacións sobre hipotéticas ilegalidades na súa xestión, tamén denunciadas polos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular - sinalaba que no caso da limpeza, coma na do rozado dos camiños, intentouse, en varias ocasións, a súa licitación.

A alcaldesa concluíu no escrito presentado diante do Tribunal de Contas que esa era o motivo polo que “foron contratadas diferentes empresas” para que se fixeran cargo destes servizos, que “na zona rural son imprescindíbeis en canto á rozadura de camiños e beiravías, porque os mesmos fanse intranstitúbeis e coma medio para evitar os lumes”.

Melloras na seguridade do PPI VII e o polígono da Granxa

A Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, está a acometer as obras de renovación da seguridade vial do Polígono de A Granxa e do PPI VII, co pintado da sinalización horizontal e a substitución da sinalización vertical nos mesmos.

“Na actualidade estas vías atópanse, en xeral, en mal estado de conservación, coas marcas viais case totalmente borradas e os sinais verticais, ou ben moi deteriorados ou, directamente, inexistentes, o incide na seguridade dos vehículos e peóns”, subliña Carrera.

O obxecto destes traballos, que contarán cun orzamento aproximado duns 70.000€ e un período total de execución duns dous meses, abrangue a mellora integral da sinalización horizontal, coa delimitación de illas, carrís e pasos de cebrá, e a renova-

ción total dos sinais verticais, “tendo coma eixe esencial a seguridade vial á que se suma a reordenación do tráfico e a mellora da fluidez do mesmo”.

Manuel Carrera salienta que para completar a sinalización seguíronse os criterios establecidos polo Ministerio de Fomento e a Dirección Xeral de Obras Públicas e engade que o labor comprende o vial principal que conecta a parte norte e sur do PPI-VII coa estrada provincial EP-2405, así coma outra estrada anular na parte sur e, no que se refire ao Polígono de A Granxa, un total de 5,5 quilómetros de lonxitude das rúas Paralela 3, de 1.950 metros-, rúa As Gándaras-1.020 m.-, Cíes-490 m.-Ons-200 m.- San Simón-250 m.-Sisagras-280 m.-Sálvora-120 m.-Tambo-550 m- e A Tolda-270 metros-.



Xornal galaico-portugués busca xornalista e comercial para ALTO MINHO

Condicións excelentes. Precísase curriculum e experiencia

Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Novas da Raia

Redacción

O PP de Ponteareas interesase pola reforma da PO-403

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, e o director xeral de Infraestruturas, Francisco Menéndez mantiveron esta mañá unha reunión co portavoz do PP de Ponteareas, Salvador González Solla, con quen analizaron a demanda de axilización das obras de mellora da seguridade viaria da PO-403 ao seu paso pola parroquia de Angoares.



Na reunión estiveron tamén presentes os concelleiros Belén Villar e Andrés Sampedro.

Recordaron que xa cando estaban ao fronte do Goberno deste concello na pasada lexislatura, presentaron unha demanda de mellora desta estrada e recentemente volveron a solicitar esta mellora e tamén unha reunión cos responsables de Infraestruturas para analizar a problemática

da PO-403, encontro que tivo lugar e onde reiteraron a necesidade de favorecer a seguridade viaria nesta parroquia a través da reforma dos accesos ao centro cultural da parroquia así como aos núcleos dos barrios da mesma. Tamén solicitaron que, na medida do posible, se executen beirarrúas no tramo urbano onde aínda non existen.

Pola súa banda, Cores Tourís

e Francisco Menéndez recordaron aos concelleiros de Ponteareas que o Goberno da Xunta anunciou a finais do ano pasado o impulso dunha estratexia para eliminar das estradas de titularidade autonómica os tramos de concentración de accidentes, como este de Angoares, ata o 2020, e que xa se anunciara a intervención na PO-403 na presentación desta estratexia.

Máis de 250 persoas participaron nos programas formativos do Concello de Mondariz

O Goberno local de Mondariz vén de facer balance dos programas formativos que se desenvolveron no pasado 2017 co obxectivo de mellorar a cualificación profesional, en materias de alta demanda no mercado laboral, das veciñas e veciños en situación de desemprego.

En total, nos 16 cursos desenvolvidos ao longo do ano, participaron un total de 257 persoas das que máis do 62% (161) eran mulleres. Dado que a meirande parte das actividades formativas estaban dirixidas a persoas desempregadas, estas foron maioría

(233) un 90,6%, correspondendo o resto de participantes as actividades que tiñan como finalidade, mellorar a capacitación de traballadores e traballadoras en activo.

Entre abril e xuño, tiveron lugar un total de 7 cursos que foron os de Acompañante de transporte escolar, carreteiro ou carretilleira, preparación de probas de ESO para adultos, informática básica, informática avanzada e manipulador de alimentos e alérxenos (dúas convocatorias). Nestas actividades formativas participaron un total de 125 persoas, na súa meirande parte (94,4%) desem-

pregadas e na súa maioría mulleres (60,8%).

Entre novembro e decembro, impartíronse outros 9 cursos que foron os de Atención sociosanitaria e apoio psicolóxico, Mozo/a de almacén, Monitor/a de comedor escolar, Primeros auxilios; Operario/a de automoción, Informática avanzada, Operario de ponte grúa e Manipulador de alimentos y alérxenos (dos convocatorias).

Nesta última quenda de cursos, participaron un total de 132 persoas das que 85 eran mulleres (64,3%) e 115 desempregados e desempregadas (87,1%).

ABANCA e ADETO facilitan o acceso ao crédito en Tomiño



ABANCA e a Asociación de Autónomos de Comercio, Hostalería, Industria e de Centros Comerciais Abertos de Tomiño (ADETO) veñen de asinar un convenio financeiro co obxectivo de impulsar, fundamentalmente a través do crédito, o investimento e a mellora competitiva das empresas adheridas a esta organización.

O presidente de ADETO, David Vila, a secretaria de ADETO, María del Carmen Moldes, e o director da oficina de ABANCA en Tomiño, Julio Alonso, rubricaron hoxe na sede da asociación un acordo que renova a aposta que mantén a entidade financeira co tecido empresarial do xurde Galicia.

O convenio facilita que os empresarios e emprendedores da localidade asociados accedan a unha ampla oferta financeira con condicións melloradas respecto ao mercado. Este colectivo contará con produtos especificamente deseñados para facilitar a posta en marcha de proxectos empresariais na zona ou a mellora competitiva dos que xa están establecidos. Á súa disposición ABANCA pon tamén préstamos e hipotecas dirixidos ao investimento, con amplos prazos de amortización, posibilidade de carencias e con xuros moi competitivos.

De maneira adicional, os empresarios asociados con-

tarán, en condicións especiais, con outros produtos da entidade financeira galega específicos para atender as necesidades do día a día das empresas, como pólizas de crédito, anticipos, avais ou liñas de desconto comercial. O protocolo tamén inclúe unha oferta vantaxosa na contratación de liñas de comercio exterior e no anticipo de subvencións, así como a posta a disposición do colectivo das liñas de financiamento especial do Plan Activamos, asinado entre ABANCA e a Deputación de Pontevedra.

Do mesmo xeito, o acordo asinado inclúe condicións melloradas na contratación de TPV (Terminais Punto de Venda) da entidade, así como o acceso a APLAZOS, o servizo de compras de ABANCA.

Os empresarios adheridos a ADETO poderán acceder tamén ás vantaxes que ofrece o novo Programa Cero Comisións de ABANCA, que permite deixar de pagar polo mantemento das contas e tarxetas, pero tamén polas transferencias, ingresos de cheques ou outros servizos habituais.

ADETO, constituída en 2011, agrupa os intereses de preto de 100 empresas que impulsan a mellora competitiva deste territorio. ABANCA conta coa rede máis extensa de oficinas na comunidade e cunha oferta axeitada para autónomos e pemes.



A Asociación deportiva Avanza galardoada co Premio Canteira o mellor Club Base 2017

O último fin de semana de xaneiro o concello pontevedrés de Lalín converteuse por un día na capital do ciclismo galego, onde tivo lugar a gala do ciclismo 2017 para entregar os galardóns os campións e campioas da tempada 2017, onde a Asociación deportiva Avanza lle foi entregado o galardón o mellor Club Base 2017- Un premio o bo traballo e sacrificio de toda unha tempada, xa non podemos esquecer nos de que a asociación viña de recibir un duro golpe o decatarse polos medios de comunicación de que lle denegan as axudas económicas por parte do con-

cello o non saír aprobadas en pleno polo voto encontra da oposición porriñesa, pero co esforzo dos pais conseguiron pechar con éxito un ano 2017.

A Asociación tamén ven de presentar un prometedor proxecto para a tempada 2018, o verase incrementado en gran número o plantel de rapaces nos últimos meses aproximándose a día de hoxe a preto de cincuenta pequenos deportistas, que estarán unha tempada mais baixo a dirección de dúas figuras do ciclismo galego como Abel Maceiras e Luís Fernández Oliveira. A A.D. Avanza espera conseguir que o día de mañá que cando se

escoite o nome de O Porriño fálese de ciclismo, xa que O Porriño foi, é e seguirá sendo terra de ciclismo. Os integrantes da asociación nos lembran as grandes valores do deporte, como a axuda a concentración, traballo equipo, alimenta o espírito de superación e che pedalea nun mundo de vida sa practicando o deporte que mais che gusta, os pequenos ciclistas da A.D. Avanza animan a todos aqueles que queiran coñecer a escola ciclismo que non dubiden e achegarse os xoves a partires das 18hs ata o velódromo municipal de O Porriño para coñecer de primeira man a escola.

Décimo aniversario de Espazo Lectura

O 26 de xaneiro do ano 2008 naceu formalmente Espazo Lectura, aínda que dous anos antes xa comezara a traballar no fomento da lectura en Gondomar coas sesións de contacontos do Conto-mar, a actividade fundacional da asociación.

Durante estes 10 anos conseguiron crear unha comunidade lectora en Gondomar que comparte libros e lecturas, pero tamén multitude de vivencias de carácter social e afectivo. O día do décimo aniversario, quixeron dar as grazas:

Grazas aos socios e socias que forman parte e son o pilar deste ilusionante proxecto.

Grazas ás entidades socias protectoras -editoriais, cen-

tros de ensino, librerías, compañías de teatro-, porque sen a súa colaboración Espazo Lectura non sería posible.

Grazas a todas as persoas que participaron ou están a participar nas actividades.

E un grazas maiúsculo, aos cerca de 40 voluntarias e voluntarios pola lectura que, de xeito totalmente desinteresado coordinan clubs de lectura para todas as idades, organizan sesións de dinamización lectora na Casa da Lectura, actividades de formación, elaboración de materiais e moitas outras tarefas que fan posible un proxecto que demostra que se pode vivir a lectura como algo individual e silencioso, pero tamén como unha actividade socializadora e compartida.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

Galicia

Redacción

Xantar 2018 cumpriu os seus obxectivos e recibiu 24.000 visitas

Xantar concluiu cuns datos que o posicionan como un gran punto de encontro internacional para o turismo e a gastronomía. Ao redor de 24.000 visitas acompañaron na celebración da súa 19ª edición ao único salón especializado en turismo gastronómico de España con categoría de Feira Comercial Internacional.

Con 273 expositores, 15 restaurantes e 20 menús e ofrecendo máis de 200 experiencias para “vivir Xantar”, o salón rematou despois de cinco xornadas de intensa actividade que estiveron dirixidas a estreitar as relacións de cooperación transfronteiriza entre Galicia e Portugal, e iberoamericana a través da participación activa de Panamá e da pre-

senza de profesionais e chefs de Costa Rica, México e Estados Unidos. Xantar 2018 volveu a contar coa fidelidade dos profesionais do sector e tamén do público xeral procedente tanto de Galicia como de Portugal e de provincias limítrofes, o que cumpre o obxectivo do salón de fomentar o turismo de proximidade a través da gastronomía.

Portugal

A masiva presenza como expositoras de cámaras municipais de Portugal en Xantar reflicte o bo momento que atravesa o sector do turismo neste país que en decembro do 2017 foi declarado “o mellor destino turístico do Mundo” nos prestixiosos “World Travel Awards”. Isto quedou patente na celebración do día dedicado a tres impor-



Autoridades no stand do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

tantes cidades portuguesas convertidas en importantes destinos turístico-gastronómicos. Nesta xornada puido facerse un percorrido desde os sabores do mar de Esposende, continuando polo Pao do de Margaride de Felgueiras ata os “ovos Moles” de Aveiro. Os representantes municipais destas cámaras buscan en Galicia a turistas facendo

referencia a que son destinos de proximidade e á calidade dos seus alimentos e viños como principais reclamos. Portugal estivo representado por: Turismo Porto e Norte, e polas cámaras municipais de Braga, Vila Real, Macedo dos Cavaleiros, Ponte de Lima, Ponta Delgada, Montealegre, Aveiro, Esposende e Felgueiras.



Alejandro Rubín con representantes de Ourense e Portugal.



VIÑA do CAMPO



www.bodegasdocampo.com



Ribeiro

Tlf. 988 470 258
Sampaio
Ribadavia
Ourense



ALBERTE

RIBEIRO

galicia
calidade

marragastromia
seleccion productos gourmet

Premiados no VI Concurso Docampo “Cociñar con viño”



Membros do xurado catando os pratos dos concursantes.

Desenvolveuse en Xantar a final para afeccionados e para alumnos de hostalería correspondente ao VI Concurso Gastronómico Viña do Campo “Cociñar con viño”, convocado por Adegas Docampo. As receitas premiadas desta sexta edición na modalidade de afeccionados, foron: primeiro premio: “Chourizos ao viño sobre niño de patatas e grelos con croquetas de garavanzos”, de Laura Pilato Rodríguez e Rosario Vázquez González. Segundo Premio: “Bocado Divino” de Ana Isabel Rodríguez Vázquez e José Luis Barros de Anabel Rodríguez. Os premios na modalidade de alumnos de Hostalería foron: Primeiro “Solombo de tenreira ao Mencía con rulo de allo porro recheo de queixo de San Simón, castañas ao Mencía e salsa de pan de broa”, de José Mazaira, Marcos Mosquera e Javier Novoa, do IES Vilamarín,

Segundo Premio: “Mar e montaña de pobres e herbas de litoral”, de Xabier Pereira Lema e Marcos Sánchez Area, do CIFP Carlos Oroza de Pontevedra. Terceiro Premio: “Pescada a baixa temperatura con uecuma de lombrada. Crema de grelo, verduñas e castaña caramelizada con Viña Ampodiño Selección”, de Juan Luís Fernández Fernández, do IES Vilamarín.

Os concursantes durante a presentación do prato ante o xurado explicaron a súa composición así como as súas características. Aquel para premiar a receita tivo en conta a elaboración do prato, a presentación, degustación da mellor maridaxe do prato cun máximo e utilización de ingredientes da zona.

Os premios establecidos para ambas as modalidades foron os seguintes: primeiro premio, 400,00 € e diploma; segundo premio, 180,00 € e diploma e terceiro premio, 125,00 € e diploma.

Visitas ao stand das Razas Autóctonas de Galicia



Membros da Academia Gastronómica de Ourense.

Durante a celebración de Xantar en Expourense visitaron o stand da Federación de Razas Autóctonas de Galicia-BOAGA as distintas asociacións de criadores de estas razas: Avimós, Asovega, Capriga Cachena, Caldega, Frieirega, Limiaga e Vianega, así como os criadores de razas autóctonas. Tamén estivo o Colexio de Veterinarios de Ourense con seu presidente, Juan José Gómez Fernández, e o Consello Galego de Colexios Veterinarios. Os integrantes da Academia Gastronómica de Ourense, que preside Manuel Fernández, tamén visitaron o stand e o restaurante aberto no salón

gastronómico.

Os visitantes foron recibidos por José Ramón Justo Feijoo, director de BOAGA, quien explicou as diferentes actividades de conservación, potenciación e promoción para a difusión das razas autóctonas e dos seus produtos, así como aquelas encamiñadas á promoción e tipificación das súas producións baixo unha forma sostenible e ao mesmo tempo rentable, das múltiples posibilidades culinarias e das diferentes estratexias de comercialización deste tipo de produtos únicos e de gran calidade. Todos degustaron unha mostra de produtos das razas autóctonas.

**PRODUCTOS 100% RAZA AUTÓCTONA
SOMOS DE RAZA,
BUSCA O NOSO LOGO!**

www.boaga.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



GALIÑA DE MOS



OVELLA GALEGA



CABRA GALEGA



CACHENA



CALDELÁ



FRIEIRESA



LIMIÁ



VIANESA

A I Gala dos Medios en Galego reúne en Fene a representantes políticos e culturais para sumar apoios ás empresas xornalísticas no noso idioma

A I Gala dos Medios en Galego reuniu hoxe no local da Liga de Amigos de Barallobre, en Fene, a representantes políticos e do mundo cultural e social da man asociación Amega (Asociación de Medios en Galego), impulsora da celebración.

A gala é a antesala da celebración do Día dos Medios en Galego, para o que se elixiu o 7 de febreiro por coincidir co aniversario do nacemento da publicación periódica “O tío Marcos da Portela”, xurdida en Ourense en 1876 con Valentín Lamas Carbajal como editor. Nesa data está prevista unha declaración institucional no Parlamento Galego apoiada por todos os grupos políticos.

Nunha ateigada sala, o presidente de Amega e anfitrión da gala, Henrique Sanfiz, quixo destacar a significación do Día dos Medios en Galego como unha data para pedir apoio das institucións e a cidadanía para os medios de comunicación que empregan a nosa lingua; e tamén para lembrar

“heroicidades” como a de “O tío Marcos da Portela”, que conseguiu chegar a vender 4.000 exemplares cando máis do 60% da poboación galega era analfabeta.

Sanfiz mostrouse optimista e convencido de que “hoxe poñemos unha primeira pedra moi importante e contribuiremos a que nada vaia ser igual de aquí en diante” para os medios en galego.

Neste mesmo aspecto incidiu o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, que asegurou que coa institución do Día dos Medios en Galego “estamos facendo historia” e adiantou que seguramente no 2019 haberá máis que os 32 medios que agora son socios de Amega. O representante da Xunta expresou o apoio da Dirección Xeral de Política Lingüística ás empresas xornalísticas que utilizan o galego ao tempo que pediu a estes medios que se atendan todas as ideoloxías e se poida “chegar a toda cidadanía no noso idioma”.

Na gala interviron representantes de todos os grupos parlamentarios. A do BNG, Ana Pontón, foi crítica coa Xunta e dixo que o goberno nega o seu apoio aos medios en galego, “porque non cre no seu país nin na súa lingua”, pero engadiu que o pobo “quere un espazo comunicativo forte e en galego”. Xaquín Fernández Leiceaga (PSOE) insistiu en que se necesitan máis medios “de referencia” en galego e apostou por un cambio nas políticas de comunicación e de promoción do galego, tamén para aumentar o número de lectores no noso idioma. Pola súa banda Antón Sánchez, de En Marea, lembrou que “xa hai un espazo de comunicación plural e libre na nosa lingua, queremos máis pero xa o hai” e referiuse ao “desigual combate polas audiencias” que libran estes medios. Pediulles a estes, ademais, “a mesma crítica e rebeldía do Tío Marcos da Portela”. Por último, o representante do PP, César Fernández Gil, aludiu ao papel dos medios de comunicación na construción do individuo colectivo e destacou a importancia do idioma galego nesta tarefa, para engadir que “a lingua non debe estar ao servizo da consecución dun fin, a lingua é un fin en si mesma”.

Ademais dos responsables políticos houbo outras intervencións, como a do decano da Facultade de Ciencias da Comunicación,



Intervención de Henrique Sanfiz, presidente de Amega

Xosé Ramón Pousa, que destacou o valor que supón contar cun importante capital humano -os máis de dous mil titulados e tituladas saídos de Santiago nos últimos 25 anos- para crear novos medios en galego, ou a de Xoán Costa, responsable de Sermos Galiza, que anunciou a aparición dun novo xornal en galego para 2019.

Os representantes da Fundación Otero Pedrayo, Juan Luís Saco, e da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira, estiveron tamén presentes para dar o seu apoio a esta gala, o mesmo que o da Mesa pola Normalización Lingüística, Manuel Rei, que fixo notar que o uso do galego é moi minoritario nos medios de maior difusión e que está máis presente nos de nivel local ou comarcal o que demostra -apuntou- que “hai un compromiso desde abaixo que non ten correspondencia nin apoio desde arriba”.

Falaron tamén representantes de varios medios en galego, ademais de Sermos Galiza. Luís Álvarez Pousa destacou as claves da permanencia de “Tempos Novos” desde hai 21 anos: independencia, pluralidade e calidade, ademais do uso da lingua do país, e avogou por un crecemento que permita aos medios en galego ser medios de referencia ademais de denunciar que os subvencionados pola Administración incumpren os mínimos criterios de uso do galego que se establecen para

conceder as axudas. Xurxo Salgado (Galicia Confidencial) pediu que “acariñemos máis a nosa lingua e os nosos medios de comunicación en galego”, mentres que Pablo Chichas (Radio Estrada) explicou que no seu caso é precisamente o uso do idioma o que fai que conecten cos seus ouvintes. Ubaldo Cerqueiro (Que pasa na costa) esixiu tamén “axudas de verdade” por parte da Administración e destacou que medios como o seu contribúen tamén a fixar postos de traballo no rural.

A gala, que foi presentada por Antón Cortizas e Pitusa Arias, contou con intervencións poéticas a cargo do colectivo literario Moraima e coa colaboración da contacontos Paula Carballeira e a cantante Eugenia Sanmartín.

Para pechar o acto, o alcalde de Fene, Juventino Trigo, lembrou a historia de Radio Fene, creada como elemento para contribuír á creación de identidade a través da lingua e destacou que os medios de comunicación en galego “son fundamentais para nos consolidar como nación de seu que reivindica o lugar no mundo que por dereito nos corresponde”.

Unha fotografía conxunta no Monumento ao Camiñante Descoñecido, que inaugurou Otero Pedrayo en 1934, e unha comida de confraternidade puxeron fin a esta primeira gala que terá carácter itinerante nos vindeiros anos.



Foto de familia no Monumento do Camiñante